

## foz

Foz inviste na mellora dos camiños en Cordido e Cangas. **Páx. 9**

## ribadeo

O Ribadeo Indiano volverá poñer en valor o legado da emigración. **Páx. 10**

## cervo

Invisten máis de 200.000 euros na mellora de vías do termo municipal. **Páx. 15**

## alfoz

A Feira do Trece presenta o cartel cunha importante proba equina. **Páx. 21**

## trabada

Renovarán a cuberta da antiga escola de Trabadela, ademais doutras obras. **Páx. 25**

## Expomar está de volta en Burela este mes



## Alertan do peche dunha planta no Hospital

Os sindicatos manifestaron que esta medida provocará o aumento das listas de espera. **Páx. 3**

## A Deputación aposta polos maiores

O Pleno acorda pedir á Xunta un plan de investimentos para a atención a estas persoas. **Páx. 27**

## As Encaixeiras



Organizan o Encontro de Palilleiras de Burela o 18 de maio. **Páx. 7**

## Cabaleiros do Landro



Asumen por primeira vez a organización da Feira das Maulas de Galdo. **Páx. 13**

## O Cembedo



Entrevista a Jorge Santamariña, deportista do club de bádminton. **Páx. 31**

## O Pescados Rubén Burela rompe moldes

Foi proclamado campión de Liga con varias xornadas de antelación logo dunha gran tempada. **Páx. 29**

**Definitivamente,**  
temos o prezo  
máis baixo en fibra



**Fibra 400 Mb**  
**Móbil 30 GB**

**29€**  
/mes

**PREZO DEFINITIVO**

Chama gratis ao **900 651 679**  
Visita as nosas tendas ou entra en [adamo.es](http://adamo.es)

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV

# A MARIÑA

## Saúde Mental A Mariña celebra os seus 25 anos cunha gala benéfica



A asociación Saúde Mental A Mariña celebrará o vindeiro sábado 18 de maio unha gala benéfica para celebrar os seus 25 anos de vida, baixo o lema *XXV Anos Comprometidos coa saúde mental*. O evento terá lugar nunha carpa instalada na Praza dos Campos en San Ciprián, a partir das 20.30 horas.

Tódolos usuarios tamén quixeron animar a toda a xente da Mariña a que participe nesta gala para colaborar co colectivo e así dar visibilidade e integración na comunidade e para a que xa están á venda os tickets nos Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral de Burela, Viveiro e Ribadeo, nas dúas Residencias de Cerro, no Restaurante O Noso Lar e na Cafetería Vista Alegre en Burela. As entradas para adultos teñen un prezo de 35 euros e poderán recollerse ata o 10 de maio. Así mesmo, haberá ticket infantil por 15 euros. Unha parte do custo da cea será destinado integramente

ao labor realizado nos distintos dispositivos da asociación. A cea terá lugar ás 21.30, aínda que se contará con amenización musical dende as 20.30 horas da man do Trío Tapioka.

No transcurso da gala tamén haberá sorteos e máis sorpresas. Dende a asociación queren convidar a todos os mariñáns a que se unan a esta xuntanza para desfrutar dunha noite divertida, relaxada e en boa compañía e tamén para traballar todos xuntos por romper co estigma que acompaña ás persoas con enfermidade mental e mellorar a súa calidade de vida.

Ademais de poder participar na propia gala, tamén se pode contribuir mediante donativos á Mesa Cero, para aquelas persoas interesadas en colaborar que non poidan asistir. Por outro lado, as empresas e comercios que o desexen, tamén poderán colaborar aportando agasallos que se sortearán ao longo da gala.

## Convocadas as feiras do libro de Foz e Viveiro

O director de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participou na presentación do calendario das Feiras do Libro de 2024, no que colaboran a Xunta e a Federación de Librarías de Galicia. Grazas a el, un total de 13 municipios enchen as súas rúas de libros desde finais de abril ata finais de agosto.

Baixo o título *Atopa a túa Historia*, a cita inaugural foi en Ferrol, do 19 ao 21 de abril. A Feira do Libro de Santiago de Compostela celebrárase ata o 5 de maio; en Porriño será do 9 ao 12 de maio, e en Lugo do 13 ao 17 dese mesmo mes. Xa en xuño, Ourense acollerá a súa feira do día 5 ao día 8, mentres que en Redondela

será do día 13 ao día 16. Vigo abrirá o 1 de xullo, prolongándose ata o día 7, continuando en Pontearreas do 11 ao 14 de xullo e en Rianxo do día 24 ao día 27. Finalmente, en agosto as Feiras do Libro viaxarán ata A Coruña do día 1 ao día 10, a Viveiro do día 12 ao día 15, a Foz do día 16 ao día 19 e a Monforte de Lemos do día 21 ao 24 de agosto.

Este ano, a colaboración entre entidades posibilita a realización dun proxecto de formación continua para as librarías asociadas, con cursos que afondarán en temas tan importantes como a Intelixencia Artificial dentro do sector.

## Invisten en oito concellos para impulsar o turismo accesible

A Xunta de Galicia inviste 472.200 euros distribuídos entre 14 proxectos de oito concellos da Mariña. Deste xeito, resolve a segunda das convocatorias realizadas o pasado ano do programa de axudas destinado a concellos galegos para o embelecemento do litoral e o impulso do seu uso turístico.

Os apoios están orientados á mellora dos recursos e á introdución de medidas sustentables, dixitais, accesibles ou inclusivas, financiando propostas como a instalación ou reforma de casetas de información, postos de socorro e aseos, acondicionamento de sendeiros, creación de app turísticas ou instalación de elementos interactivos, entre outras.

As achegas veñen a sumarse ás concedidas na primeira convocatoria: 286.000 euros para 10 proxectos en sete concellos. Deste xeito, no cómputo anual esta liña de axudas permitiu desenvolver seis iniciativas no Vicedo; tres en Xove,



Cerro, Ribadeo, Viveiro e Foz; dúas en Burela e unha en Barreiros. Esta é unha das actuacións incluídas no Plan Territorial de Sostibilidade Turística do Litoral posto en marcha polo Goberno galego con fondos Next Generation, que conta cun orzamento global de 29,3 millóns de euros. Enmárcase no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para aproveitar o financiamento europeo no camiño á transformación dixital e o incremento da competitividade dos

destinos.

Inclúe a posta en marcha de medidas transversais destinadas ao litoral galego como dúas convocatorias anteriores para concellos e establecementos para rehabilitación de recursos emblemáticos do litoral galego, xa resoltas, así como a construción da senda do litoral de Galicia. Por outra banda, no marco deste Plan Territorial do Litoral as entidades locais están executando distintos Plans de Sostibilidade Turística en Destino.

## Os propietarios forestais facturaron no 2023 máis de 102 millóns de euros

O sector forestal confirma a súa estabilidade, pois tralo ciclo alcista de prezos e demanda que se viviu no 2022, o mercado mantivo no 2023 as cifras medias de cortas do período 2018-2021. En Lugo, os propietarios forestais superaron os 102 millóns de facturación, cunhas cortas de máis de 3,4 millóns de metros cúbicos de madeira, o que representa un 37% da madeira cortada en Galicia.

Lugo é a segunda provincia en actividade forestal, a corta distancia da Coruña, e como vén sendo habitual, é líder autonómica en corta de piñeiros e frondosas.

Dos máis de 102 millóns de euros que ingresaron os propietarios forestais da provincia por vendas de madeira no 2023, 53,2 millóns de euros corresponden ós piñeiros, 46,2 millóns ós eucaliptos e 2,7 millóns ás frondosas caducifolias, que manteñen un aproveitamento industrial residual, máis alá do seu uso como leñas domésticas.

Na provincia no 2023 cortáronse 1,7 millóns de metros cúbicos de

piñeiros, 1,5 millóns de metros cúbicos de eucaliptos e 135.000 de frondosas. Como é lóxico, pola menor demanda industrial e os menores prezos, o volume de cortas reduciuse no 2023 en torno a un 25% en relación ó 2022.

En eucalipto, encabeza o ranking provincial A Mariña lucense, con 25,3 millóns de euros de facturación e máis de 846.000 metros cúbicos cortados. Séguelle a Terra Cha, con 10,3 millóns de euros en facturación e Lugo – Sarria, con 7,6 millóns. Só dous distritos de Lugo cortan máis eucalipto que piñeiro (A Mariña e a Terra Cha), en tanto no resto as coníferas seguen sendo dominantes.

En coníferas, Lugo ten os tres distritos forestais con maior volume de cortas e facturación a nivel galego. Só Lugo–Sarria cortou no 2023 máis de 500.000 metros cúbicos de piñeiros, cunha facturación de 15 millóns de euros.

O eucalipto rondou prezos no arco dos 29-31 euros. En tódolos casos, trátase de prezos medios en pé, sen lve e con casca.

## O SLG alerta de que o 25 % da superficie das Reservas da Biosfera é para polígonos industriais

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) presenta alegacións complementarias aos Plans de xestión das Reservas da Biosfera (RB) de Terras do Miño e dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá. Nestas achegas complementarias, reiteran que é necesario proceder á valoración de impacto de diversos proxectos sectoriais integrados ou que eventualmente poidan integrarse no territorio. “Referímonos concretamente a proxectos industriais en tramitación, como polígonos industriais eólicos, fotovoltaicos ou explotacións mineiras, avaliando a ameaza real que estes supoñen ou poden supoñer para estes territorios protexidos”.

Atendendo aos datos oficiais do 2022 “xa co proxectado daquela 1.942 aerogeradores quedarían dentro de Reservas da Biosfera e o 25,68 % da superficie das Reservas da Biosfera de Galicia quedaría dentro de polígonos industriais, afectando unha superficie de 132.825,86 hectáreas.

## Denuncian o peche dunha planta do Hospital da Mariña no verán

O máximo órgano de representación dos traballadores e traballadoras considera que o peche da planta de Medicina Interna durante o verán no Hospital da Mariña carece de calquera xustificación técnica posible e que tan só obedece a “unha política sanitaria de recortes do Partido Popular que busca o desmantelamento da sanidade pública na nosa comarca”.

Segundo sosteñen, a dirección do Hospital xustifica o peche destas camas pola falta de persoal de Enfermaría, unha situación xerada pola propia dirección. “O persoal de enfermaría fuxiu a outros territorios como Asturias ou País Vasco, en busca dun futuro laboral mellor, onde se lles garante estabilidade”, afirman. Este peche de camas terá consecuencias para os pacientes e suporá o incremento das derivacións ao HULA, ao non existir camas libres no hospital de Burela. Unha práctica que se leva facendo durante os últimos meses “e que está a provocar o malestar das persoas afectadas e familias que se ven obrigadas a des-



prazamentos innecesarios por mor dunha mala planificación da dirección nun hospital que acaba de ser ampliado”.

Estas medidas tamén provocan un incremento das listas de espera fomentando a derivación de doentes á sanidade privada para cumprir a Lei de Garantías. Pero o peche de camas tamén terá consecuencias para os profesionais que serán desprazadas a outros servizos e unidades. “Os calendarios laborais que tiñan asignados decaen, tirando pola borda toda a planificación que tiñan feita para

a súa vida persoal durante o verán, provocando entre as traballadoras cabreo, indignación e un incremento do desexo de abandonar o Hospital da Mariña.

**SERGAS.** Ao respecto destas manifestacións, dende a área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos trasladan que a planificación asistencial para os meses de verán, tanto nesta área como no resto da comunidade, faise tendo en conta factores como os menores índices de ocupación hospitalaria nestas datas debido, fundamentalmente, a unha redución estacional de patoloxías e á correlativa redución de ingresos por enfermidade.

“Esta planificación realízase en función de estudos exhaustivos de actividade de anos anteriores e tendo en conta a responsabilidade principal da sanidade pública galega de garantir a calidade asistencial dos pacientes durante os meses de verán, período no que se concentran a maioría de peticións de vacacións por parte do persoal”.

## O alumnado de FP da comarca participou nun congreso de innovación

O alumnado de FP de Burela, Viveiro, Mondoñedo e Foz participou no Congreso da Innovación na Formación Profesional FP Innova 2024. Deste xeito, os estudantes do IES Perdouro de Burela presentaron tres proxectos. Concuraron cun prototipo de sistema automatizado para lavado, procesamento e desinfección de grelos mediante inmersión, secado e posterior exposición a raios ultravioleta.

Ademais, alumnado do mesmo centro desenvolve asesoramento para peiteados afro que busca contribuír a darlle valor á diversidade cultural e á integración das diferentes manifestacións culturais da zona e outro proxecto de promoción e comercialización de xogos centrados en fomentar a aprendizaxe e a xestión emocional a través do entretemento.

Pola súa parte, os estudantes do IES de Foz elaboraron batidos e snacks saudables a partir de froitas, verduras, froitos secos,

cereais e especias, co obxectivo de complementar as carencias nutricionais comúns e promover un estilo de vida saudable. No caso do IES Plurilingüe San Rosendo, presentan BioFungi, un cultivo de fungos comestibles a pequena escala mediante un proceso biotecnolóxico que permita realizar o ciclo completo da produción. O IES Sarmiento de Viveiro tamén participou no congreso con dous proxectos. Presentaron un prototipo de batería para vehículos eléctricos empregando un electrólito baseado en líquidos iónicos, caracterizados pola súa eficiencia en cargas e descargas, e pola súa baixa inflamabilidade e toxicidade.

E tamén, unha empresa de alugamento de vehículos de nove prazas que busca optimizar o tempo e reducir os custos e as emisións contaminantes en desprazamentos desde Viveiro ás principais cidades galegas.

## Este verán, as vilas de Ribadeo e O Valadouro contarán con actuacións do programa Danza 3

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e o colectivo XOC, integrado polas formacións Xacarandaina da Coruña, O Fiadeiro de Vigo e Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela, promoven por 12º ano consecutivo o programa Danza 3 para a difusión da música e do baile tradicionais de Galicia. Esta nova edición, que arrancou en abril en Vedra, percorrerá 18 concellos galegos ata o mes de setembro con outras tantas actuacións que, na meirande parte dos casos, terán lugar ao aire libre para compartir coa cidadanía unha mostra do amplo repertorio das tres agrupacións participantes.

Cantigas e Agarimos iniciará a súa participación neste 12º Danza 3 co espectáculo musical que ofrecerá o 16 de maio en Cangas e ao día seguinte en Oroso. Neste percorrido, visitará co seu grupo de baile Boqueixón o 19 de maio, Marín o 14 de xullo e xa en setembro, O Valadouro (día 1) e O Carballiño (día 16).

Pola súa banda, Xacarandaina ten previstas catro actuacións de baile que arrancaron en Ortigueira, e continuarán en maio en Abegondo (día 11) e en agosto en Ribadeo (14) e Meira (25). Coa súa formación musical, pasará as rúas de Betanzos o 31 de maio e de Dumbría o 26 de xullo.

## Satisfacción pola implantación da banda ancha de Adamo na Mariña

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, destaca o impulso do Goberno para avanzar na conectividade dixital ultrarrápida da provincia de Lugo, para o que leva investido nas últimas convocatorias 27,1 millóns de euros. Realizou unha reunión de seguimento co responsable no territorio da empresa adjudicataria Adamo, na que fixeron unha valoración do desenvolvemento do programa.

Entre as tres convocatorias do plan, o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital fará posible que se estenda a fibra óptica a máis de 80.000 fogares e empresas, garantindo a cobertu-



ra de acceso a Internet a máis de 300.000 lucenses.

Isabel Rodríguez celebrou “o bo ritmo das instalacións de fibra na

comarca da Mariña, con concellos que xa contan con esta conexión en todo o seu termo municipal”. Ademais, agradeceu “todo o esforzo que se está a realizar para cubrir zonas con moita dispersión poboacional”.

O Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión está financiado polo Plan de Recuperación do Goberno, e destina a Galicia preto de 91 millóns de euros nunha clara aposta polo reequilibrio territorial, a mellora da calidade de vida das persoas que viven nas zonas rurais, o aumento da competitividade e a redución da fenda dixital.

# Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?



# LETRAS GALEGAS 2024

## Luisa Villalta

### Foi unha escritora prolífica e versátil, autora de poesía, narrativa, ensaios, pezas dramáticas, textos xornalísticos e tradutora

A Real Academia Galega escolleu a figura de Luísa Villalta o Día das Letras Galegas 2024. Luísa Villalta constitúe unha destacada representante da cultura galega contemporánea, tanto no ámbito musical como no literario; a súa obra abarca todos os xéneros (poesía, teatro, novela e ensaio literario) sempre dende unha perspectiva renovadora e orixinal. Ademais, foi coñecida polo seu grande activismo cultural, que de xeito constante e desinteresado levou a cabo en colaboración con diversas asociacións culturais, colectivos e proxectos de diversa índole. Luísa Villalta Gómez nace na Coruña no ano 1957, estuda na USC, onde se licencia en Filoloxía Galego-portuguesa e Hispánica. Era tamén titulada superior en violín, ou violino (como ela lle chamaba sempre ao seu instrumento). Formou parte da Xove Orquestra de Galicia e da Orquestra de Santiago de Compostela, así como doutros grupos de cámara. Foi unha escritora prolífica e versátil, autora de poesía, narrativa, ensaios, pezas dramáticas, textos xornalísticos e tradutora.

Paralelamente á súa traxectoria como autora, desenvolveu unha intensa actividade cultural. Participou en seminarios, recitais de poesía, deu conferencias e colaborou en numerosas publicacións periódicas, como Man Común, A Nosa Terra, Festa da Palabra Silenciada, Tempos Novos, Grial, Luzes de Galiza, Agália, Boletín Galego de Literatura, A Trabe de Ouro, Enclave, Páxina Abierta etc Muller comprometida formou parte activa na AELG, no Foro da Cultura Galega, na Mesa pola Normalización Lingüística, etc. Foi militante do Bloque Nacionalista Galego.

A súa esencia persoal e creativa era unha fusión, unha dobre pertenza á música e á poesía. De feito o seu primeiro poemario, leva o título de *Música Reservada* (1991). Luísa fixo da Coruña o espello da súa obra, unha Cidade Alta reflectida no seu premiado libro *En Concreto* (Espiral Maior, 2004), no que atopamos un dos mellores epítetos para ela “cidade tatuada na petrea pel do mar”.

Postumamente, publicouse *Papagaio*, con fotografías de Maribel Longueira, obra que se adentra no famoso barrio de putas da cidade e recolle o desacougo vital das derradeiras habitantes. Porén a súa actividade literaria foi máis alá da poesía. Publicou tamén 3 textos narrativos e catro pezas teatrais, ademais de traducir varias pezas dramáticas do italiano. Tamén se ten revelado como asidua analista e intérprete da literatura nos libros ensaísticos *O don Hamlet de cunheiro: unha ecuación teatral* (1992) e *O outro lado da música, a poesía* (1999), no que traza unha orixinal visión da poesía galega desde o punto de vista da relación ancestral desta arte coa música. A morte chegou para Luísa dun modo inesperado, por causa dunha meninxite, o 6 de marzo de 2004. Tiña 46 anos e unha vida chea de proxectos. Repousa no cemiterio de Santo Amaro. Desde ese momento sucedéronse iniciativas que lembran o seu nome e o seu labor, tanto desde o IES Isaac Díaz Pardo de Sada—onde ela foi profesora—, como desde a Comunidade Universitaria e a Deputación da Coruña.



## A celebración do 17 de maio

A Real Academia Galega o pleno extraordinario do Día das Letras Galegas que lle dedica á escritora Luísa Villalta. A sesión pública, de entrada libre ata completar a capacidade do recinto, terá lugar no Teatro Rosalía da cidade onde naceu e viviu, a Cidade Alta que tanta pegada deixou na súa obra poética ou noutros títulos. As alocucións sobre a vida e a obra da homenaxeada correrán a cargo das académicas Ana Romaní

e Margarita Ledo e do académico Euloxio R. Ruibal.

Para o público máis novo, a RAG ofrece primaveradasletras.gal, onde pode descargarse o conto *Violino, Inglesa e o libro xigante. Pequena biografía de Luísa Villalta*.

Xa no último cuadrimestre do ano, celebrárase o Simposio Luísa Villalta, que reunirá distintas voces que achegarán novas contribucións arredor da súa figura e do seu legado.

### A OBRA

#### POESÍA

- *Música reservada*. Sada: Edición do Castro, 1991.
- *Ruído*. A Coruña: Espiral Maior, 1995.
- *Rota ao interior do ollo*. Lisboa: Edições Tema, 1995.
- *En concreto*. A Coruña: Espiral Maior, 2004.
- *O Papagaio*. Santiago de Compostela: Laiovento, 2006.
- *As palabras ingravidas*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 2020.
- *Pensar é escuro*. Poesía reunida (1991-2004). Vigo: Galaxia, 2023.

#### NARRATIVA

- *Silencio, ensaiamos*. A Coruña: Vía Láctea, 1991.
- *Teoría de xogos*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1997.
- *As chaves do tempo*. Vigo: A Nosa Terra, 2001.
- *Narrativa reunida*. 1991-2001. Vigo: Xerais, 2024.

#### TEATRO


- *Concerto para un home só*, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 76. A Coruña, 1989.
- *O representante*, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 85. A Coruña, 1990.
- *O paseo das esfinges*, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 88. A Coruña, 1991.
- *Os dóces anos da guerra*, Revista Galega de Teatro, nº 29. Vigo, 2001
- *Sinfonía de escenas*: obra dramática completa de Luísa Villalta. A Coruña: Edicións Proscritas e A. C. Alexandre Bóveda, 2018.

#### ENSAIO

- *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1992.
- *O Outro lado da música, a poesía: relación entre ambas artes na historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra, 1999. Vigo: Galaxia, 2021.
- *Libro das columnas*. Vigo: A nosa terra, 2005.

#### TRADUCIÓNS

- *Pasolini, Pier Paolo* (1994): *Manifesto por un novo teatro*. A Coruña: Cadernos da Escola Dramática Galega.
- *Macchiavelli, Niccolo* (1998): *A Mandrágora*. Santiago de Compostela: Laiovento.



# NOVAS

burela

## Traballo en distintas fronteiras

O Goberno local acomete obras como a retirada de árbores na praza do Concello, o acceso á praia do Portelo ou a reforma do parque do Cantiño

O Concello de Burela retira nove árbores en risco de caída inminente na praza do Concello. Un informe técnico realizado sobre estes exemplares alerta do perigo existente para a integridade de persoas e bens públicos próximos aos mesmos. O vento orixinado nos tempos recentes xa tirou varias especies próximas, polo que o informe aconsella actuar o antes posible sobre as nove árbores mencionadas.

O documento sinala así mesmo que as raíces destes exemplares de Alcipreste de Monterrey (*Hesperocyparis macrocarpa*) estaban a causar desperfectos ao seu redor, levantando o solo e debilitando os muros e os bordos das rúas, co conseguinte risco de caídas e accidentes para as persoas transeúntes. Ademais, as catro árbores situadas no noroeste da praza atópanse afectadas polo parasito fitóftora, que ocasiona entre outras a putrefacción das raíces, supoñendo deste xeito un perigo adicional.

Os exemplares retirados serán, a continuación substituídos, por especies de porte arbustivo, valorándose diferentes especies. "Axiña informaremos á veciñanza sobre o plantado das novas especies", afirma a rexedora.

**PRAIA DO PORTELO.** Deron comezo ás obras para crear un novo acceso á praia urbana do Portelo. Estes traballos serán realizados pola Dirección Xeral da Costa e o Mar, dependente da Secretaría de Estado de Medio Ambiente. A actuación

comezou nos pasados días, e servirá para substituír a anterior rampla de entrada, que non cumpría a normativa de accesibilidade. Esta obra dará continuidade a outra realizada o ano pasado na mesma praia, na que se fixo tamén un novo acceso. O concelleiro de Obras, Ramiro Fernández Rey, indica que estes traballos, ademais "de darlle á praia un atractivo especial, posto que o acceso estará feito de madeira e quedará moi bonito, permitirán que as persoas con discapacidade fagan uso da praia sen problemas".

**PARQUE DO CANTIÑO.** Remataron as obras do parque infantil do Cantiño, que xa se atopa completamente renovado. Os traballos contaron cun investimento a cargo do Concello de 40.000 euros. As actuacións encádranse nun plan de mellora de parques infantís anunciado polo Goberno local que se estenderá por outros puntos do municipio, como o parque Rosalía ou o parque do Campón.

"O parque atopábase moi deteriorado, xa que é moi empregado especialmente no verán", explica o concelleiro de Obras, Ramiro Fernández Rey. "Agora conta con xogos novos e moitos que de seguro gustarán moito aos nenos e nenas de Burela", engade.

**CORTE DE TRÁFICO.** As rúas Lamestra e a do Correo sufrirán cortes que se manterán nas vindeiras semanas con motivo das obras que se están a desenvolver en ambas vías. No caso

da rúa Lamestra, estanse a realizar nela uns traballos de humanización a carón do parque, dos que se agarda que estean finalizados antes das festas patronais de Burela.

Ademais, a Policía Local avisa de que, para facilitar chegar á rúa Pardo Bazán desde a rúa Rosalía de Castro, dentro duns días cambiará o sentido de circulación na rúa Cova Moura, algo do que se informará de xeito convinte nos días anteriores. Por outra banda, na rúa do Correo vai realizarse unha actuación de urxencia para arranxar un socavón presente debaixo da estrada, de novo antes da celebración das festas patronais.

O carril afectado xa se atopa inhabilitado e sinalizado.

**CANCEIRA.** O Goberno local está a realizar unha serie de melloras na cancela municipal, xestionada pola Asociación Asistencial Protectora de Animais Bigotes-Burela.

Impulsaron a renovación deste espazo para facelo máis habitable e amigable, mellorando as condicións dos animais e tamén das persoas que traballan desinteresadamente nesta instalación. Concretamente, instaláronse casiñas prefabricadas, vallas para crear patios exteriores e renovouse o chan con formigón.

"Os traballos para mellorar esta instalación eran urxentes, especialmente mentres a construción da nova cancela municipal está aínda en tramitación, tal e como marca a administración", sinala Ramiro Fernández, concelleiro de Obras. A



alcaldesa de Burela enmarcou esta iniciativa nunha estratexia integral de protección e benestar animal no municipio, "que avalía as necesidades, involucra ás partes e inclúe actividades de sensibilización, todo

isto co seu adecuado seguimento e cumprimento de obxectivos". A isto súmanse outras medidas asumidas polo Goberno local, "como un plan de xestión ética de control de colonias felinas".



**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA



**CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA**

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m<sup>3</sup>, 1m<sup>3</sup>-1.7 m<sup>3</sup> Y 2.1m<sup>3</sup>

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



**EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240**



**CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO**



**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**

**¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!**

**NOVEDAD**

[www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

## Organizan un novo curso de monitor de tempo libre

O Concello de Burela organiza un concurso de monitor de tempo libre. Trátase dunha actividade de formación “para impulsar a empregabilidade e a inserción laboral dos nosos veciños e veciñas”, explica a alcaldesa, Carmela López

O Centro de Formación Ocupacional do Concello de Burela vai impartir desde este mes de abril un curso de ‘Dinamización de actividades de tempo libre, educativo, infantil e xuvenil’, dentro da programación de accións formativas dirixidas a persoas desempregadas do plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este curso permite a obtención do certificado de profesionalidade que acredita o conxunto de competencias profesionais para o desenvolvemento da profesión no ámbito laboral. Dentro da súa programación, contempla un período de prácticas profesionais en empresas.

O curso terá 328 horas lectivas e os requisitos de acceso son contar coa ESO ou equivalente. Os interesados poden solicitar máis información no Centro de Formación Ocupacional Concello de Burela, no teléfono 982 580 624 ou no mail [cfo@burela.org](mailto:cfo@burela.org).

## Ponse en marcha un programa de paseos saudables para a veciñanza

Coa colaboración do centro de saúde, o Concello pon en marcha unha serie de paseos saudables para a veciñanza. As monitoras do Centro de Educación Medioambiental Gaia serán as acompañantes na actividade. O primeiro dos paseos xa tivo lugar o xoves 2 de maio, ás 10.00, con saída dende o propio centro de saúde. A iniciativa repetirase ao longo dos meses de maio e xuño.

Estes Paseos Saudables con Gaia encádranse no marco da Estratexia de Promoción da Saúde do Ministerio de Sanidade e do Plan Local do Centro de Saúde de Burela. A concelleira responsable do Centro Gaia, Lina Gómez Pardo, convida “a todas as veciñas e veciños de Burela a participar nestas andainas, un xeito perfecto de manter un hábito saudable dunha maneira divertida e amena”. Dende o Centro de Saúde sinalan que “a evidencia científica indica que os grupos de paseo ao aire libre teñen moitos beneficios para a saúde, incluíndo a redución da presión arterial, a graxa corporal, o colesterol total e tamén o risco de depresión”. O persoal do centro engade que estes paseos son “unha actividade que é atractiva para os participantes, ten altos niveis de adhesión e está practicamente libre de efectos adversos”.

## O Vencello denuncia o mal estado da igrexa da Vila do Medio



A asociación de veciños O Vencello de Burela manifesta a súa preocupación polo mal estado de conservación no que se atopa a Igrexa da Vila do Medio. Segundo aseguran, na última asemblea xeral varios dos asistentes comentaron que no 2016 “uns obreiros enviados por Patrimonio foran picar a pedra e quedaran en volver para lucila”, pero afirman que ninguén volveu por alí.

Varios membros da directiva achegáronse á igrexa e comprobaron de primeira man “o estado lamentable no que se atopan a meirande parte das súas paredes, con furados máis propios do valado dun monte que dos muros dun Patrimonio arquitectónico do noso concello...E que

dicir das pinturas... practicamente inexistentes”.

Co ánimo de revertir esta situación, presentaron un informe diante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no que explican “a situación de deterioro que presenta este templo e a necesidade de que se acometan as obras de urxencia necesarias nel”.

Ademais, afirman que tamén lle remitiron o informe á Alcaldía e á Concellería de Cultura do Concello de Burela; así coma aos partidos políticos con representación municipal e aproveitan para solicitarlles o seu apoio e o de toda a Corporación Municipal demandando a Patrimonio a inmediata actuación na igrexa.

## O alumnado do IES Perdouro gaña a III Olimpíada Robótica



O equipo Bonito-Bot, integrado polos estudantes de 1º de Bacharelato do IES Perdouro de Burela Hugo Gorgojo, Gabriela Chumacero, Iago Ramos, Lucas Casal, Candela Fernández e Cayetana Trelles, gaña o Gran Premio Final da III Olimpíada Robótica da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

No pavillón cuberto do Centro de Educación Infantil e Primaria de Esteiro, déronse cita máis de 100 estudantes de ESO e de Bacharelato das provincias da Coruña e de Lugo, que tiveron que superar tres retos: un sigue liñas con obstáculos, a proba

do *Barrendeiro* e unha competición de sumo. No sigue liñas, o robot debía seguir unha traxectoria impresa e salvar aqueles obstáculos que se interpoñan no seu camiño, mentres que no *Barrendeiro*, o estudantado tivo que empregar algoritmos similares aos das aspiradoras ou as máquinas de cortar o céspede para barrer todos os obxectos do taboleiro.

Por último, na competición de sumo, os equipos mediron as súas forzas nun cara a cara no que debían expulsar ao robot contrario do taboleiro de xogo. Nesta III Olimpíada participaron 26 equipos.

## Límpanse 100 das 150 parcelas sinaladas polo seu mal estado

O Goberno local de Burela agradece á veciñanza a súa resposta ao operativo iniciado o pasado agosto pola Policía Local de Burela para controlar o estado de mantemento e conservación dos soares do municipio. Das 150 parcelas con expedientes abertos por incumplir as condicións estéticas e de hixiene necesarias, máis de 100 se atopan xa limpas, sen que isto supuxese ningún custo para o Concello.

A limpeza era necesaria “tanto por criterios estéticos como hixiénicos e de seguridade, polo que dende o Concello realizamos un esforzo a nivel técnico identificando os pro-

blemas existentes e a veciñanza respondeu con responsabilidade, aportando deste xeito todos e todas o noso gran de area”, explica a alcaldesa.

Ata o momento só foi necesario recorrer á execución subsidiaria, na que o Concello procede á limpeza do soar con cargo á persoa ou persoas propietarias do mesmo, en 4 casos. Outros 20 expedientes atópanse actualmente en curso de cara á execución subsidiaria. O Concello proporá para sancións de ata 1.500 euros ás persoas que incumpran o deber de manter os terreos en bo estado.

## O Concello crea un espazo de participación cidadá na web

A web municipal conta cun novo espazo de participación cidadá na web municipal, onde o Goberno fará enquisas para coñecer a opinión da veciñanza sobre diferentes cuestións. Actualmente atópanse dispoñibles unha enquisa sobre paisaxismo en Burela e outra sobre actividades culturais e lúdicas dirixidas á mocidade, nas que os veciños e veciñas poden aportar suxerencias sobre estes temas e sinalar as súas inquedanzas.

Sobre a cuestión do paisaxismo, a alcaldesa Carmela López afirma que “para transformar Burela é preciso proxectar espazos desde o prisma do paisaxismo urbano, esa arte de recuperar a beleza da natureza”. Por iso, están a traballar cunha paisaxista e “para continuar coa participación cidadá, temos este novo formulario para coñecer as opinións dos nosos veciños e veciñas”, engade a rexedora.

Dende a área de mocidade propoñen a consulta pública dirixida á mocidade “para coñecer as súas inquedanzas, as súas preferencias e o seu punto de vista sobre a oferta lúdica da que dispoñen en Burela”, explica pola súa banda o concelleiro Mario Pillado. Pensan que se lles “vai dar unha información de moito valor sobre a xente moza”, engade o edil. Nesta enquisa sobre actividades culturais e lúdicas dirixidas á mocidade tamén fixo a súa aportación o Grupo de Participación Adolescente.

Pode accederse á enquisa sobre paisaxismo en Burela no enderezo electrónico <https://burela.org/gl/participacion-cidada-consulta-publica-sobre-paisaxismo>. Por outra banda, pódese acceder á outra enquisa dispoñible, sobre actividades culturais e lúdicas dirixidas á mocidade do municipio, na mesma web municipal

### VISITA DO PRESIDENTE DE CABO VERDE



Burela recibiu ao presidente da República de Cabo Verde, José María Pereira Neves, que visitou a vila xunto a embaixadores, cónsules e outros cargos públicos do país. Pereira Neves visitou a Casa do Concello e asinou o libro de honra, afirmando que “é unha honra estar hoxe en Burela, que podería ser unha illa máis de Cabo Verde”.

# “Queremos que se vaian de Burela coa intención de volver”

A asociación As Encaixeiras organiza o Encontro de Palilleiras o 18 de maio



Por Lucía Blanco

A arte das palilleiras volverá conquistar Burela. O repenicar dos bolillos será o gran protagonista o vindeiro 18 de maio na vila mariñá, que acollerá o XIV Encontro de Palilleiras, organizado pola asociación cultural e artesanal As Encaixeiras e o Concello. Centos de mulleres reivindicarán unha tradición de séculos de historia que se mantén máis viva ca nunca. “A principal expectativa que temos é que disfrutemos dunha bonita xornada e que as persoas que nos visiten se vaian coa intención de volver”, contan dende o colectivo.

As previsións desta xuntanza que enalza unha práctica ancestral son máis que positivas. “O ano pasado reunimos unhas seiscentas cincuenta persoas e para nós xa é unha cifra importante. As previsións que temos son de igualar ou mesmo superar esa cifra”. Como novidade, contarán cunha exposición de mantillas da colección privada de Sol Teijeiro. “Todas son antigas e a maior parte delas artesanais, aínda que haberá tamén algunha mecánica. Van poder admirar mantillas de toalla que son as que normalmente se levan con

peica; mantillas de tres picos, que se levan sobre os ombreiros; mantillas con volante e tamén algunha de terno e de cerco”.

Os asistentes tamén poderán contemplar pezas de particulares bordadas e feitas con distintas técnicas artesanais, así como participar no obradoiro de bolillos. “Debido ao interese que espertou na pasada edición, este ano volvemos con este obradoiro, dirixido pola artesá Marisa Hermida, pero coa novidade de que se creará unha mimosa”. Ademais das demostracións, a gastronomía mantense como outro dos grandes atractivos da xornada coa degustación da empanada de pescada con varios anos de percorrido. Arte que transcende xeracións

O programa complétano as tradicionais visitas guiadas ao monte Castelo, á igrexa da Vila do Medio e ao Barco museo, que “son un éxito, a pesar de repetilas todos os anos non deixan de ter interese”. Xunto con este encontro e cos cursos que poñen en marcha no municipio, As Encaixeiras levarán o seu bo facer a outras concentracións en Galicia e Asturias. “Temos previsto ir a Can-

gas, a Abegondo, a Lugo, a San Cibrao... E como viaxe anual, que ten unha duración de fin de semana, este ano asistiremos ao encontro de bolillos Ciudad de Salamanca”.

Unhas sesenta mulleres, tanto de Burela como de toda a comarca da Mariña, forman parte da asociación

que leva dende o 2005 promovendo a cultura tradicional galega a través da arte do bolillo, unha tradición que aseguran que goza dunha gran admiración. “A beleza é indubidable e hai moita diversidade, pero iso non quere dicir que sexan recoñecidas as horas que se botan e que se lle dea o xusto valor”. A media de idade das socias do colectivo sitúase nos sesenta e cinco anos, aínda que aseguran que se trata dunha actividade que non entende de anos, polo que se pode asegurar o seu relevo grazas ás novas xeracións.

“Si que se interesan, pero tamén é certo que os estudos e os gustos dos mozos fan que adoiten deixalo por un tempo e que regresen á actividade cando as circunstancias llelo permiten”. O grao de complexidade desta práctica centenaria adáptase, polo que para empezar só se precisa “querer aprender e iniciarse sen prexuízos de dificultade, xa que calquera pode palillar, sen discriminación por sexo, nin de idade”. Os que se animen van descubrir que, ao contrario do que parece: “É moi relaxante e pode servir non só para ter axilidade nas mans, senón tamén para manter áxil a mente”.

## O PP pide que se declare nula a creación do Consello da Memoria Histórica

O PP de Burela pide que se declare nula a creación do Consello da Memoria Histórica por incumprir os procedementos legais vixentes. Dende a formación política rexistraron un escrito para “restituír a legalidade” no Concello de Burela. Así o explican os concelleiros populares que tamén apuntan que nese documento instan á alcaldesa “a que declare a nulidade do acordo plenario adoptado polo grupo de Goberno, no pleno ordinario do xoves 4 de abril, co que se pretende crear o Consello da Memoria Histórica de Burela”.

Os populares afirman que non se opoñen á creación do órgano en si, pero si “ás irregularidades e ás ilegalidades na creación deste Consello da Memoria Histórica”. Advirten que non se están a seguir os procedementos legais oportunos polas “precipitacións por pagar as peaxes políticas da señora López Moreno cos seus socios de goberno do BNG”.

Por este motivo, no pleno comerteron “un erro gravísimo” xa que no expediente non aparece ningún informe de secretaría no que se advirta dos pasos a seguir e no que se informe que se están incumprindo os pasos pautados na lexislación vixente para a creación de calquera consello.

Deste xeito, debe de existir un regulamento que o ampare, e esa normativa non foi creada nin levada a pleno algún para o seu debate e, se procede, aprobación. “Non hai acordo de pleno algún para aprobar ese regulamento, polo tanto o Consello da Memoria Histórica non pode ser creado de acordo a normativa vixente”, sinalaron.

## Arte e tradición no programa

O encontro desenvolverase integralmente no Porto de Burela, con horario de mañá e de tarde de 10.30 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 horas.

Durante a xornada tamén será posible visitar o Barco Museo Reina del Carmen. A programación comezará coa recepción das palilleiras, dando paso ás 11.30 horas á inauguración do acto, seguida dunha degustación de empanada de pescada e dunha viaxe ó Monte Castelo e á Igrexa Vila do Medio. Ó mediodía haberá un parón para a comida e xa pola tarde será a quenda dun sorteo de regalos ás 17.30 horas. Durante toda a xornada as palilleiras estarán traballan-

do no porto, intercambiando coñecementos entre elas e amosando a súa arte ós que se acheguen.

En paralelo a este programa tamén haberá unha exposición de mantillas bordadas e mantillas de bolillos procedentes da colección privada de Sol Teijeiro e un obradoiro de Marisa Hermida, *Creación dunha mimosa*, para un grupo de vinte persoas, previa inscrición. “Queremos felicitar á asociación polo seu traballo para sacar adiante este encontro, todo un referente na programación sociocultural de Burela, da comarca da Mariña e de toda a provincia”, apuntaron Deputación e Concello.

**CONTRA VENTO & MAREA**

**EXPO MAR**

XXXI XORNADAS TÉCNICAS

Mércores 8 maio  
Confraría de Pescadores de Burela, 16:30h  
«Xestión pesqueira»

Xoves 9 maio  
Confranía de Pescadores de Burela, 16:30h  
«Sostibilidade e Saúde»

expomar.com SÍGUEAS EN DIRECTO POLA NOSA WEB

XXV ENCONTRO EMPRESARIAL

Xoves 9 maio

Reunión das entidades máis representativas do sector para analizar os principais retos

CONCELLO DE BURELA COA PESCA

un punto de referencia No Mundo do Mar

## O PP critica o atraso no pago das axudas á natalidade do Goberno local

O Partido Popular critica o atraso no pago das axudas á natalidade “o cal é un exemplo máis do desgoverno de Foz e do absoluto desastre na xestión”. Unhas axudas á natalidade que puxo en marcha no seu momento o goberno do PP e que no pasado pleno aínda se viñeron a aprobar as do ano 2023, segundo explicaron.

Neste eido, a concelleira responsable da área manifestou que o atraso debese ás baixas laborais en diferentes departamentos e “iso non é unha desculpa, a desculpa é botarlle sempre a culpa aos demais, neste caso aos traballadores. A culpa é a absoluta falta de capacidade de traballo do señor Cajoto e do seu equipo de goberno e, sobre todo, a nula empatía cos traballadores, moitos deles en baixa laboral, e a unha situación administrativa precaria que leva a ter parados moitísimos expedientes”, acusa o voceiro popular Javier Jorge Castiñeira.

Tamén, o Partido Popular propuxo no pleno flexibilizar os ratios económicos para poder percibir estas axudas á natalidade dado que só 9 persoas puideron acceder a elas das 19 que as solicitaron. “Trátase dunhas axudas de 300 e 500 euros, as cales nos parecen moi interesantes, pero ao ir ligadas ao IPREM fai que das 19 solicitudes só 9 accederan a elas o que se traduce que ao final son só 3.500 euros dos máis de 10.000 que deberían estar presupostados. Polo tanto, consideramos que sería positivo que se aumentaran os ratios económicos para que máis xente poda acceder e para que non pase como agora que queden máis persoas fora da lista que perceptoras da axuda á natalidade”, manifesta Jorge Castiñeira.

## O colectivo Os Torques de Marzán organiza unha viaxe a Ponferrada

A asociación de veciños Torques de Marzán de Foz organiza para o 11 de maio unha viaxe a Ponferrada. A cita ten un prezo de 35 euros para os socios e de 40 euros para os non asociados.

A saída terá lugar no Cruce do Cristo de Foz. Os interesados poden anotarse no 684 151 730 ata o vindeiro 6 de maio. As prazas son limitadas ata completar aforo. O prezo inclúe viaxe idea e volta, visita ao Castelo dos Templarios, comida en La Taberna, entra ao museo do Bierzo e ao da Radio.

## O actor Avelino González imparte unha masterclass de iniciación ao teatro

Os días 25 e 26 de maio o Concello de Foz organiza unhas xornadas de iniciación ao teatro co actor Avelino González. Será na Sala Bahía o sábado 25 en horario de 10.30 a 13.30 e 16.30 a 19.30 horas e haberá comida a mediodía. E o domingo a sesión será de 10.30 a 13.30 horas.

É unha actividade, que ten un prezo de 10 euros, para a que será necesario inscribirse, xa que as prazas son limitadas. Os interesados poden facelo na Delegación de Cultura, no teléfono 982 140 027, extensión 3, ata o día 6 de maio. “É unha actividade que estamos moi felices de organizar, con alguén coma Avelino, que vive o teatro como o vivía o Poto, desde a alma. O que se busca é que a xente se anime a participar nos grupos de teatro afeccionado e disfrute da cultura do teatro, que é moi bonita”, explica a concelleira de Cultura, Inés López Couto.

É a primeira proposta antes do III Certame de teatro afeccionado José Luis López Lorenzo -O Poto-, que se celebrará no mes de xuño, para o cal o prazo dun mes de inscrición finaliza esta semana, sendo o luns o último día hábil. Habilitouse na sede electrónica do mesmo un formulario para facer a inscrición. Organizarase



o 6, 7, 8 e 14, 15 e 16 de xuño para a representación das obras elixidas na fase de solicitude e contarán co voto do público e do xurado.

“Unha vez pechado o prazo de selección anunciaranse as obras elixidas para participar no certame. Agardamos que sexa tan ben acollido coma nos últimos anos e animamos ás compañías a que veñan a participar”, explica Inés López. O alcalde, Fran Cajoto, remata comentando que os meses de abril e maio “están cheos de actividades, nuns meses dedicados aos libros e á literatura, pechando a programación primaveral co certame de teatro afeccionado. Pero tamén se anunciarán actividades musicais e máis eventos en vindeiras datas”.

## Regresará a Romaría do Bispo Santo a Foz entre o 17 e o 19 de maio

Foz acolle unha nova romaría do Bispo Santo, que conta con 385 anos de historia. A cita celebrase a carón da ermida de San Gonzalo o 17, 18 e 19 de maio e o 9 de xuño. O programa comeza o venres con sesión vermú da man de Tania Veiras, que tamén estará na verbena xunto a La última Legión.

O sábado haberá misa, sesión vermú coa orquestra Principal e actuación da banda de gaitas Dambara de Burela. A partir das 18.30 os máis pequenos poderán gozar da actuación infantil Pallaso. Tamén pola tarde organizarase unha sesión co DJ Pacolo. A verbena estará amenizada polas orquestras Principal e Ritmo Joven.

O domingo de novo organizarase misa solemne e sesión vermú co grupo D'Canó e Mekanika Rolling



Band. Durante as tres xornadas, os asistentes poderán gozar de polbo, xamón cocido e churrasco. Xa en xuño, o día 9, terá lugar o tradicional traslado da imaxe de San Gonzalo dende Monte da Grela ata a basílica acompañados por A Subela de Foz.

## A UNED programa charlas, presentacións e unha ruta interpretativa

A Aula Universitaria da UNED en Foz programa para maio cinco charlas, dúas presentacións de libros e unha ruta interpretativa. O xoves 9 de maio levarase a cabo unha charla informativa sobre *Mentalización e sensibilización da saúde mental*, a cargo da Asociación Saúde Mental A Mariña. “Vai dirixida a todos os públicos e especialmente ás familias do alumnado do IES de Foz. Ten como obxectivo primordial mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade mental e a das súas familias. Ademais, do 13 ao 16 de maio terá lugar un ciclo de catro charlas informativas baixo o título *Muller. Falamos claro*, realizadas por catro profesionais: unha matrona, unha nutricionista, unha fisioterapeuta e unha psicóloga. Desenvolverase de luns a xoves de 18.00 a 20.30 horas na aula universitaria.

Ademais, o venres 10 de maio a focega Natalia Alonso presentará o seu segundo libro, *Advertencias*

*para un traxecto boreal*, galardoado co Premio de Poesía Filomena Dato 2022. Será ás 20.30 horas na Biblioteca Municipal Salgado Toimil. Días despois, Rosalía GT presenta *Unha pedra no zapato*, un libro de autoconecemento e reflexión, feminista e en galego. O 15 de maio ás 19.30 horas.

Muiña invita aos autores e autoras a dirixirse á Aula Universitaria da UNED de Foz en caso de querer presentar as súas obras.

Por último, conxúgase natureza e aprendizaxe cunha ruta interpretativa e guiada pola zona da ría de Foz, de 3 quilómetros e de dificultade baixa para o día 27 de maio, con saída ás 18.00 horas da UNED.

O responsable que vai guiar a ruta será Pedro Rolle, veciño do Valadouro e axente de medio ambiente. Para obter máis información pódese contactar coa Aula Universitaria de Foz no teléfono 982 133 699, no WhatsApp 604 034 549 ou por correo foz@lugo.uned.es.



## Someten a información pública unha addenda á avaliación ambiental da dragaxe do porto

Portos de Galicia ten en información pública da addenda ao estudo de impacto ambiental das obras de dragaxe do porto do municipio lucense de Foz, nas que o ente público prevé un investimento de 1 millón de euros. Durante un mes a documentación relativa ao impacto ambiental das futuras obras de dragaxe do porto de Foz estará dispoñible para consulta pública na web de Portos de Galicia. Esta addenda é o resultado do cambio nos criterios de protección ambiental por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, que vén de ampliar a declaración de Zona de Especial Pro-

tección para as Aves (ZEPA) a todo o litoral galego, incluíndo o dominio público portuario. Esta nova restrición afecta de xeito directo á tramitación das obras portuarias e, no caso de Foz, obrigou á redacción dun estudo de afectación ás aves da contorna do porto, que se engade ao Estudo de Impacto Ambiental, que xa superara o trámite de información pública o pasado mes de novembro. As obras previstas no peirao de Foz consisten nunha dragaxe plurianual durante os vindeiros 4 anos no acceso ao porto e a dársena pesqueira, cun volume de material para extraer de máis de 70.000 metros cúbicos.



## Foz inviste na mellora dos camiños en Cordido e Cangas

O Concello de Foz investiu máis de 57.900 euros na mellora de camiños nas parroquias de Cordido e Cangas, obras executadas con cargo a fondos da Deputación de Lugo pertencentes ao Plan Único 2023. En Cordido, por un importe de máis de 18.500 euros, renovouse o asfalto do vial que une o Barral coa Fabega, cun dobre tratamento superficial, e aglomerouse o camiño que conecta a Fonte do Sixto coa estrada provincial LU-P-6303.

“Renovamos o firme de dous camiños que se atopaban en mal estado e que dan servizo a varias vivendas. Ademais a fonte do Sixto é frecuentada por moitos veciños que se achegan todos os días para coller auga”, explica o alcalde, Fran Cajoto. Dentro do plan de mellora de camiños do Concello de Foz para o ano 2024 está proxectado o aglomerado en quente e sinalización do vial que une Ferradás coas Moas, cun orzamento de 14.700 euros a cargo do Plan de Cooperación dos Concellos da Deputación



de Lugo.

En Cangas por un importe de 39.400 euros renovouse con aglomerado en quente o firme no camiño de Liñares e tamén en varios viais en Ribela. “A fonte de Ribela é un elemento patrimonial a protexer no que xa actuamos na anterior lexislatura, pero o seu acceso estaba en mal estado”. A mellora dos viais non só incluíu a mellora do firme, senón tamén da sina-

lización vertical e horizontal, co obxecto de facer os camiños máis cómodos e seguros.

“Queda pendente o recrecido dalgunhas tapas de arquetas, que se está a realizar estes días”, indica o alcalde. O Concello de Foz ten proxectado, cun orzamento de 22.100 euros con cargo a fondos do Agader 2024-2025, a mellora do firme e sinalización de 430 metros de camiño

## Comezan as obras da nova depuradora

O voceiro do Partido Popular de Foz, Javier Jorge Castiñeira, móstrase satisfeito polo comezo das obras da nova depuradora que son “o resultado de moitos anos de traballo e de política útil”. Unha infraestrutura que se situará na Granda de Forxán e os populares agradecen á Xunta de Galicia que a financia con máis de 12 millóns de euros con fondos europeos.

“Trátase dunha obra importantísima para o noso concello e desde o PP de Foz loitamos por ela cando estabamos no goberno xestionando este asunto, tratando de acadar un consenso para a nova ubicación e, despois de moito traballo, buscar financiamento e levar a cabo o proceso de tramitación e, tamén, desde a oposición; e, dende logo, reiteramos o noso agradecemento á Xunta de Galicia polo seu compromiso durante todos estes anos”, valora Jorge Castiñeira.

Con esta nova infraestrutura mellorárase a calidade da auga da ría, o servizo de saneamento e depuración e sacárase a depuradora da zona portuaria —unha das zonas turísticas de Foz— que causaba moitas molestias e, ademais, era unha petición das asociacións veciñais. Estas obras consistirán, ademais da construción da nova depuradora, en toda a canalización e na construción dun pozo de tormentas na zona portuaria que bombeará todo o caudal ata a nova estación depuradora, o que será moito máis eficaz, e na construción dun emisario que alonxará as augas residuais da zona costeira. “Dende logo que desde o PP de Foz estamos moi contentos e moi satisfeitos pois entendemos que con esta obra comeza unha nova etapa na modernización do noso concello”, finaliza o voceiro popular focense, Javier Jorge Castiñeira.

## A Festa Normanda dará comezo o 29 de agosto

A organización da Festa Normanda de Foz informou de que a cita festiva celebrarase os días 29, 30, 31 de agosto e 1 de setembro de 2024. Así mesmo, comunicaron que xa está aberto o prazo de inscrición para participar no mercado.

Para asistir ou participar será necesario poñerse en contacto mediante correo electrónico en: [mercadonormando@gmail.com](mailto:mercadonormando@gmail.com).

De momento non hai confirmación do programa pero previsiblemente haberá un mercado medieval, unha obra teatral que representa o desembarco e o afundimento dos barcos viquingos ademais de actividades, xogos e teatro para os máis pequenos. Tamén podería recrearse como en anos anteriores na praia focega de Tupide, o desembarco viquingo e o combate.



## Acia Foz pon en marcha unha campaña solidaria para recadar fondos na loita contra o cancro

AciaFozCCA colaborará por sétimo ano consecutivo coa delegación local da Asociación Española Contra o Cancro a través da campaña Euro Solidario, que se desenvolverá do 3 ao 17 de maio. Na presentación desta iniciativa participaron Pilar García, representante da AECC en Foz; o presidente de AciaFozCCA, José Carlos Paleo; e o alcalde, Fran Cajoto.

Nos establecementos participantes haberá petos destinados a recoller os donativos para esta campaña, denominada Súmate a loita contra o

cancro. Euro solidario. “Un ano máis queremos colaborar coa delegación local da Asociación Española Contra o Cancro porque toda axuda é importante”, manifestou o presidente de AciaFozCCA, José Carlos Paleo. “Animo á clientela dos negocios focenses a sumarse a esta campaña, que tivo unha boa acollida nas edicións anteriores e agardamos que tamén a teña neste 2024”. Euro solidario está organizada por AciaFozCCA e a delegación local da AECC coa colaboración do Concello de Foz.

**MAIO | 2024**

**Concello de Foz**

**VENRES, 10 MAIO**

18:00h | Biblioteca Pública de Foz  
Obrairo creativo  
Programa 'LER CONTA MOITO'  
«Lettering: Debuxar letras»  
ALBA FARTO  
A partir de 7 anos. 120 min.  
Actividade gratuíta. Número limitado de lugares. Inscrición previa na Biblioteca (982140673)

**VENRES, 10 MAIO**

20:15h | Biblioteca Pública de Foz  
Charla con Natalia Alonso  
«Advertencias para un traxecto boreal»  
Organiza: UNED  
Colabora: Biblioteca Pública

**MARTES, 14 MAIO**

11:00h a 12:00h | Casa da Cultura  
12:00h a 13:00h | Casa da Cultura  
Contos teatraizados  
LETRAS GALEGAS Luisa Vilalta  
«A nena do violino e a poesía»  
TRÉMOLA TEATRO  
Actividade Escolar 45 min.

## Proxectan para o Forte de San Damián ser un centro de interpretación

Ribadeo recibe unha subvención de 200.000 euros do Galp A Mariña-Ortega para poñer en valor o Forte de San Damián. O rexedor declarou que “falamos da maior subvención que vai percibir unha institución, 200.000 euros que o GALP, que a Xunta de Galicia, vai aportar a Ribadeo”.

Vega asegura que precisan “darlle un contido ao noso Forte de San Damián. E desde logo este monumento, este baluarte da historia, que ten un pasado e un presente de divulgación, de ofrecer esa explicación do que foi Ribadeo no pasado, pois eu creo que é unha subvención moi importante”.

O alcalde ribadense dixo que “son 200.000 euros para traballar nos próximos anos”. Trátase dunha subvención de dúas anualidades 2024-2025. A primeira parte irá destinada a poñer en valor todo o legado histórico, con xornadas de divulgación e con visitas teatralizadas e no



2025 equiparemos o Forte de San Damián para que se converta nese centro de interpretación.

“O que imos facer alí é poñer en valor todo o noso legado histórico entre os séculos XVI e XVIII, cando Ribadeo era ese referente no Cantábrico co seu porto comercial, o importante que foi e que é. Aí comezou o crecemento de Ribadeo e nos o que queremos é poñer en valor ese baluarte defensivo”, asegura.

## O Ribadeo Indiano volverá poñer en valor o legado da emigración

O IX Ribadeo Indiano, que se celebrará do 12 ao 14 de xullo e que está organizado polo Concello e por Acisa, xa ten cartel. Un evento no que “levamos traballando dende hai varios meses coa ilusión de seguir a mellorar e espallar polo mundo adiante o que se ten convertido nunha das referencias fundamentais do verán”, contou a concelleira de Turismo, Marta Saiz.

Esta edición está dedicada á alma de dous mundos. “Con esta temática tentaremos plasmar a realidade que se vivía aos dúas marxes do Atlántico, e dar a coñecer e á vez valorar o legado que a emigración deixou na nosa sociedade: un importante patrimonio arquitectónico, tanto en arquitectura doméstica como pública (escolas, casinos, cinemas, cemiterios, fontes, igrexas etc), e unha influencia nas sociedades da época, na industrialización, o comercio, a moda, os costumes, a gastronomía...”.

Dete xeito, ofrecen un programa cargado de propostas diferentes “para facer que o Ribadeo Indiano reluxa



con máis esplendor”. Nun afán de remarcar o contido cultural do evento, as antevésperas e vésperas aumentan o seu protagonismo. “Desta maneira, contaremos con múltiples e diversas actividades que se repartirán durante o mes de xuño e comezos de xullo: visitas guiadas, obradoiros de repostería indiana para hostalería e familias, monicreques, teatro, etc.... e algunha sorpresas máis que irmos revelando ao longo das vindeiras semanas”.

Xa os días centrais, 12, 13 e 14 de xullo, non faltarán conferencias, expo-

sicións, actuacións musicais, actividades de rúas, xincanas, actividades infantís, talleres de bailes, verbenas tradicionais. Ao igual que o esperado Festival de Habaneras e Música Hispanoamericana que terá lugar o sábado 13 de xullo. Tamén, volverán contar cun mercadillo de produtos de ultramar e a concentración de coches clásicos.

Como novidade, o Ribadeo Indiano será presentado formalmente nas capitais galega e asturiana. O 31 de maio será en Santiago de Compostela e o 7 de xuño en Oviedo.



## O BNG quiere recuperar o servizo de pediatría

O BNG de Ribadeo presenta unha moción para debater no próximo pleno ordinario para que o Concello de Ribadeo inste á Xunta e ao SERGAS a recuperar o servizo de pediatría de xeito permanente. E que, así mesmo, se garanta deste xeito que se cubran as ausencias da titular da praza de pediatría do Centro de Saúde de Ribadeo todos os días laborables do ano.

Como explicou a concelleira do BNG Raquel Ferreira, esta situación comezou o 5 de decembro de 2023 cando a profesional titular da praza do servizo de pediatría no centro de saúde de Ribadeo comezou unha incapacidade temporal por enfermidade. “Desde ese día Ribadeo atópase sen un servizo de pediatría permanente.

Isto implica que 960 nenas e nenos de Ribadeo e do veciño concello de Trabada non dispoñen da asistencia sanitaria especializada que merecen e á que teñen dereito por lei”.

A solución provisional por parte do Sergas é “a cobertura de pediatría un só día á semana cun profesional desprazado doutro centro, polo que os nenos de Ribadeo e Trabada se atopan 4 días da semana sen pediatra que os atenda. No seu lugar son derivados a médicos de familia que carecen da especialidade de pediatría e que pasan a engrosar aínda máis as súas xa de por si apertadas axendas”. Como consecuencia, “están a sufrir retrasos na atención e adiamentos continuos das revisións do Programa do Neno San.”

## A vila estrea en maio un novo programa cultural

Musicais, concertos, teatro, exposicións, Cantos de Taberna e as Letras no Campo. Estas son algunhas das propostas culturais de Ribadeo para o segundo trimestre do ano. A oferta comezou a primeira fin de semana de abril con música e monólogos e continuará coas audicións da EMMed. Ao longo das diferentes semanas o alumnado e o público xeral pode asistir a interpretacións variadas, de corda, vento metal, acordeón, música tradicional, danza, piano, canto e guitarra... para rematar no mes de San Xoán co festival de fin de curso, explicou concelleira de Cultura, Begoña Sanjurjo, que presentou a axenda.

A Asociación Amigos da Gaita dedicará o seu festival infantil á música tradicional. “Contaremos tamén en maio cun musical que percorre os éxitos dos 80 e 90, e con Coco para os pícaros e pícaras. A parte audiovisual é especialmente importante noutra obra musical, Unha noite na eira do trigo, que nos leva a recoñecer os sentimentos da emigración”. Audiovisual e musical é

tamén a proposta *Seis, Lorca en Galicia*, de Rafa Fernández, que homenaxea aos poemas escritos en galego por García Lorca.

Emilio Rúa ofrecerá un concerto a principios de xuño, a BMMR o seu tradicional do Día das Letras Galegas e no mes de xuño poderase escoitar á Banda de Música do Tercio Norte da Armada. O protagonismo da música vai ter tamén no ciclo Domingueo en Ribadeo, dous por mes para animar os vermús dos domingos e os cantos de taberna que serán o 18 de maio.

O teatro tamén estará presenta na axenda cultural de Ribadeo para este trimestre. “En teatro afeccionado rematará neste trimestre o percorrido que o grupo de teatro A Adala, de Fazouro, leva facendo polas parroquias coa función *Marina Club*. Lembremos tamén que todos os luns, en Vilaselán e As Anzas reúnese a veciñanza nas sesións de música e teatro no Argadelo que dirixe Mano Panforreiteiro”. De feito, poderase gozar este mesmo domingo desta arte coa compañía madrileña La Escalera de Tijera.

## O Goberno local impulsa a renovación do padroado do centro Pedro Murias

O Goberno local impulsará a renovación do padroado do CFEA Pedro Murias e a realización de diferentes actividades nesas instalacións. Estes asuntos foron abordados polo alcalde na reunión mantida co director do Agacal. Desde o Concello seguen a traballar para poñer en valor estas instalacións.

Deste xeito, reuníronse coa Xunta de Galicia, concretamente do director do Agacal, para concretar cales son as liñas a seguir nos vindeiros días. “Desde logo pasan por renovar o padroado, ese padroado que é único en Galicia. Ningún outro centro de capacitación agraria conta cun padroado que vela pola vocación que nos deixou Pedro Murias moi clara, que é a formación no mundo agrario, grandeiro e forestal”. Queren manter esa liña, “pero sen pechar Pedro Murias a outra actividade e formación e tamén desde logo ir innovando e adaptándose aos tempos”.

O alcalde lembra que o padroado está sen renovar “desde a época de Eduardo Gutiérrez, polo tanto o tempo di que era importante renovalo e concretalo e nós imos facelo”.



## Farán unha auditoría da rede de abastecemento para planificar as obras

A tenencia de Alcaldía de Viveiro realizará unha auditoría da rede de abastecemento municipal co obxectivo de planificar futuras obras de mantemento, reducir as perdas de auga e mellorar a eficiencia do servizo.

“Coa auditoría, pretendemos identificar os problemas na rede e aforrar custos ao detectar e corrixir perdas de auga debido ás fugas e optimizando o consumo enerxético dos equipos”, explica o concelleiro Ramón Martínez.

“Queremos identificar áreas onde a distribución de auga non é eficiente e implementar medidas para mellorar o fluxo, e sobre todo coñecer o estado actual da rede de abastecemento para pla-

nificar de forma efectiva futuras obras de mantemento, reparación ou expansión da infraestrutura”, engade.

O servizo de abastecemento de Viveiro está composto por catro captacións, unha ETAP, doce depósitos de cabeceira e distribución, seis estacións de bombeo e as redes de distribución correspondentes.

Para realizar a auditoría, o Concello obtivo unha subvención de Augas de Galicia: “Somos conscientes dos puntos nos que se dan roturas máis habitualmente, e con este estudo poderemos determinar cal é a actuación máis correcta para solventalo”, remata Ramón Martínez.



## O PP esixe o arranxo das dúas estradas que levan ata o Monte San Roque

Os deputados populares Antonio Ameijide e Carmen José López visitaron Viveiro xunto á voceira popular na localidade, Mariña Gueimunde, que lles explicou a situación na que se atopan as estradas provinciais nese municipio, especialmente as que levan ao Monte San Roque, un dos puntos que máis visitantes atrae de toda a Mariña polas súas increíbles vistas.

O voceiro popular Antonio Ameijide sinala que “non se pode entender como unhas estradas que acumulan tanta circulación estean cheas de fochancas”. Segundo sostén, “as únicas estradas provinciais que preocupan a José Tomé son as de Monforte, onde é alcalde, xa que é o único municipio no que están en perfectas condicións porque nin en Viveiro,

cunha alcaldesa socialista se preocupa por amañalas”, sinalou. Dende o Grupo Provincial Popular instan ao goberno da Deputación a arranxar estas estradas, sobre todo antes do verán, xa que en poucas semanas miles de turistas se achegarán a esta localidade para gozar do miradoiro do Monte San Roque “polo que estas vías deberían de estar en perfectas condicións para garantir a seguridade”. Para eles esta actuación debería de estenderse ao resto de estradas provinciais da Mariña xa que serán miles os turistas que se achegarán ata as praias lucenses.

Os populares recordan a necesidade de que a Deputación de Lugo conte un plan de arranxo de estradas anual para que estean en bo estado.

## Invisten no acondicionamento da pista de Fontecova 41.250 euros

Comezan as obras de acondicionamento da pista de Fontecova, en Viveiro. A área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que financia os traballos, e a Concellería de Medio Rural de Viveiro asinaron un convenio de colaboración para desenvolver as obras, que supoñen un investimento de 41.250 euros.

Trátase dun vial de titularidade municipal que serve como acceso a unha zona de gandaría, que se atopa moi deteriorado polo tránsito de maquinaria agrícola. As obras, que se están executando nestes días, supoñen a rehabilitación integral da pista, con aglomerado en quente, limpeza de cunetas e pintado de marcas viais e sinalización vertical.

O acondicionamento da pista de Fontecova súmase a outras actuacións realizadas no rural de Viveiro, coa colaboración das dúas administracións, como a ampliación da rede de saneamento na parroquia de Vieiro, recentemente executada, coa que entendeu o servizo ás vivendas da Igrexa e que supuxo un investimento de 48.270 euros.

**NASEIRO.** A Tenencia de Alcaldía de Viveiro, a través da Concellería de Medio Rural, realizou labores de mantemento nas cunetas da estrada de Naseiro, para corrixir os desperfectos provocados polos últimos temporais. A actuación nas



cunetas era “prioritaria para que a auga non desborde en caso de novas crecidas do río Landro”, explica o concelleiro de Medio Rural, Ramón Martínez.

Estas crecidas causaron no pasado mes e medio “que a estrada ficase practicamente intransitable”, sinala Martínez, polo que foi necesario realizar unha limpeza exhaustiva. A pista, á que se accede dende a estrada LU-161, leva ao campo da festa, o lugar onde se celebra cada agosto a Romaría do Naseiro, tamén coñecida como a Romaxe do Bo Xantar.

A tenencia de alcaldesa de Viveiro, Míriam Bermúdez, destaca “a importancia que ten esta estrada para a celebración desta festa tan senlleira, que facía imperativo tela o antes posible nas mellores condicións”.

**PARQUE.** Comeza a reparación e reconstrución dos camiños do parque Pernas Peón, pois presentaban desperfectos provocados polos temporais do inverno. Logo da mellora da situación meteorolóxica, os traballos están a ser executados pola empresa viveirense Rolle Forestal.

Aproveitarase para facer os camiños máis anchos, cun aporte de areón para que queden ben debuxados e a herba non lles vaia comendo terreo, e cunha pendente para que a auga non apoce. A responsable das áreas de Medio Ambiente e Obras lembra que o parque vai ser obxecto dunha renovación moito máis ampla, “para a que xa recolleemos as aportacións da veciñanza mediante unha enquisa”.

## Un bus conectará os tres núcleos principais

A concellería de Mobilidade, en colaboración coa empresa de autobuses de Viveiro, xa ten deseñada e definida unha modificación das frecuencias, paradas e rutas para crear un bus circular que conectará cunha frecuencia de 30 minutos os tres principais núcleos do concello: Covas, Viveiro e Celeiro

A ruta leva o nome de Escourido-Náufrago e funcionará desde as 07.30 horas até as 20.30 horas de luns a sábado, e os domingos das 18.00 horas ás 21.00 horas. Tamén hai prevista coa nova modificación unha ruta dende o lugar da Igrexa en Valcarría, pasando por San Pedro, Landrove, Magazos, Xunqueira, Viveiro centro e Viveiro estación de autobuses. Esta ruta conecta e permite transbordo para ir até Covas ou Celeiro, de luns a venres desde as 07.45 até as 20.00 horas, en frecuencias de 30 minutos.

Todas as parroquias de Viveiro tamén contan con liñas que os comunican con Viveiro e que poden consultarse na Estación de Autobuses ou na web <https://www.autobusesdeviveiro.es/>. É un proxecto “que pode revisarse e ampliarse, por exemplo en verán para crear o bus da praia que nos leve a Area”, engade Bermúdez. O billete tería un prezo de 1,55 euros, e serían aplicables todas as tarxetas con descontos da Xunta, como as dirixidas á mocidade ou a persoas maiores.

“O proxecto que permitirá poñer en marcha estas rutas, está presentado na Consellería de Mobilidade dende principio do mes de abril, polo que está nas mans da Xunta admitir esta modificación, que permitirá crear unha cidade máis sostible ao tempo que suporá un gran beneficio para todos”, explica Míriam Bermúdez.

### EN BREVE

**LETRAS GALEGAS.** O 14 inaugurárase a exposición *Exaltación do traxe galego-indumentaria tradicional*, na sala multiusos do Concello como parte da programación das Letras Galegas. O 17 de maio interpretárase o Himno de Galicia ás 12.00 no balcón da Biblioteca Municipal a cargo de David Bellas, seguida do baile de Bagoas da Terra na praza Maior. Tamén haberá na praza da Fontenova actuacións do Coro Infantil Lois Tobío e da Coral Polifónica Alborada.

**LEIRAS.** A Tenencia de Alcaldía habilitou na sede electrónica do Concello, na sección de Medio Ambiente, un formulario para que os veciños e veciñas poidan comunicar aquelas parcelas que incumpren a obriga de xestión da biomasa ou retirada de especies arbóreas prohibidas, incrementando o risco de incendio. Lembra que a obriga de xestión da biomasa forestal e retirada de especies arbóreas prohibidas debe cumprirse polos titulares dos terreos ou dos aproveitamentos madeireiros antes do 31 de maio de cada ano.

# “Non queriamos que se perdera a Feira, que ten máis de 300 anos”

Os Cabaleiros do Landro asumen por primeira vez a organización da Feira das Maulas de Galdo, que inclúe mercado popular e carreiras de andadura

Lucía Blanco

O vindeiro 12 de maio Viveiro retrocede no tempo coa Feira das Maulas de Galdo, unha xuntanza con máis de tres séculos de historia que naceu como feira franca, na que os veciños vendían aparellos de labranza, gando e comestibles como pan ou froita. Os Cabaleiros do Landro de Viveiro estréanse como organizadores da cita, paso que supón “unha enorme alegría” porque implica seguir gozando dunha tradición coa que pretenden congrega “xente do mundo equino de varios puntos de Galicia”, explica David Gradaille, secretario do colectivo.

**Por que deciden facerse cargo?**

Non queriamos que se perdera esta feira tan tradicional e tan antiga, que ten máis de 300 anos. Temos que conservar feiras coma estas que se van perdendo pouco a pouco.

**Póñense á fronte despois de que o Concello e a asociación Camiño de Galdo non poidan asumir a organización por falta de fondos. Como están a formular a financiación?**

Contamos coa axuda das empresas da zona que aportan a cambio de patrocinios, con fondos da nosa asociación e intentamos recortar nalgún gasto.

**Como marcha a planificación do programa?**

O traballo de organizadores ímolo levando ben, porque temos experiencia das actividades que vimos facendo estes anos. Tamén nos está botando unha man os veciños de Galdo. Dá traballo e hai que moverse para encontrar patrocinadores e facer as xestións necesarias para ter todo ben organizado e en regra.

**A veciñanza da parroquia amósase**



**satisfeita con que se continúe coa tradición?**

Están contentos con que non se perda esta feira, non deixa de ser un día importante para os veciños de Galdo como foi sempre.

**Impulsan unha feira de gando das de toda a vida.**

Imos ter mercado popular e feira de gando con curros habilitados para facilitarlle as cousas aos gandeiros e que se animen máis. Gustaríanos que fora un día de pratos como se facía antigamente e darlle visibilidade e viabilidade a este mercado. Despois teremos sesión vermú co trío La Noche e bar para poder comer polbo ou churrasco.

**As carreiras son outro dos pratos fortes.**

Teremos carreiras de andadura galega federada coa proba puntuable para o Campionato Galego de andadura. Empezarán ás 11 da mañá, párase para comer e retómanse ás 16.00 hora. Pola tarde, a partir das 17.00, tamén se organiza no campo de fútbol un partido amistoso. Para os máis cativos haberá inchables e, por último, a entrega de premios á

que seguirá de novo a actuación do trío.

**Que esperan desta edición?**

Esperamos moita afluencia de xente, que acompañe o día e que todo saia ben sen contratemos. Ao final supón unha alegría saber que non se perde esta tradicional feira e que a xente queda contenta.

**Pretenden que sexa un evento habitual?**

É un paso adiante que damos como asociación. Está claro que queremos que non se perda, pero non é seguro que nos poidamos facer cargo da feira a partir de agora sen axudas económicas porque temos dous eventos máis o largo do ano que levan moitos gastos.

**Cales son as próximas citas do seu calendario?**

Temos as carreiras de Viveiro que se celebran no campo de fútbol de Celeiro o 14 de setembro ca final do Campionato Galego de Andadura e o día 15 cas carreiras libres de andadura e feira de gando. E o día 28 de setembro tamén temos a ruta cabalar.

# O servizo de quita e pon no casco histórico recibe a Escoba de Plata

O Concello de Viveiro celebra que o municipio fose distinguido coa Escoba de Plata polo seu servizo de quita e pon no casco histórico, posto en marcha pola Tenencia de Alcaldía.

Este premio é concedido pola entidade de ámbito estatal Ategrus, a Asociación Técnica para la Gestión de Residuos y Medio Ambiente. Viveiro foi premiado xunto a outros municipios de toda España.

A Escoba de Prata foi outorgada a Viveiro na categoría A da mesma por conseguir, “por un lado, retirar os contedores, mellorando a

percepción xeral de limpeza, e por outro, facilitar o acceso ás recollidas selectivas, que anteriormente non se levaban a cabo nesta zona”. A tenenta de alcaldesa Miriam Bermúdez sinala que “é unha honra recibir este recoñecemento ao noso labor para facer de Viveiro un sitio cada vez máis limpo e agradable para vivir”.

Pola súa banda, a alcaldesa María Loureiro explica que “no 2022 houbo un cambio no servizo de limpeza, e xa no contrato se incluía o servizo de quita e pon, desvolto finalmente en decembro de 2023”.

# Viveiro, municipio elixido para celebrar a Xeolodía cunha ruta pola Silvarosa

A Tenencia de Alcaldía de Viveiro, colabora coa Cámara Oficial Mineira de Galicia na organización dunha andaina na contorna da Silvarosa para conmemorar o Xeolodía, un evento impulsado pola Sociedad Geológica de España. Esta excursión xeolóxica terá lugar o día 11 de maio. Esta efeméride ten lugar cada ano na segunda fin de semana de maio.

A excursión, baixo o título *Do ferro Ordovícico ás Minas da Silvarosa: o patrimonio xeomineiro de Viveiro*, será gratuíta con prazas limitadas, polo que será necesario realizar a inscrición a través do teléfono 635 559 698 en horario de oficina ou no enderezo web <https://geolodia.es/>

geolodia-2024/lugo-2024/. Debido ao alto número de inscricións en edicións anteriores, decidiuse organizar dúas quendas da actividade, unha ás 10.00 e outra ás 16.00, cunha duración estimada de 4 horas cada unha, nas que se explicará e poñerá en valor a historia destas minas de ferro e a orixe do mineral. A Xeolodía ofrece percorridos xeolóxicos gratuítos e abertos a todos os públicos en cada unha das 50 provincias españolas, ademais de diversas actividades virtuais, como vídeo-roteiros xeolóxicos, Xeocharlas e ata un videoxogo. A andaina foi a actividade escollida para celebrar o Xeolodía na provincia de Lugo.

**HONDA XL750 Transalp**

**Motolugo**  
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

**TRANSALP**  
Las montañas te llaman.

Camiño Real, 125. 27004 Lugo  
Telf: 982 21 57 31  
Móvil: 698 17 91 81

**MADERAS BARCIA**  
Compra y explotación forestal

Lg/ Outeiro, núm. 3- San Xurxo- 27751 LOURENZÁ (Lugo)

maderasbarciasl@gmail.com  
Tfños. 636 06 85 94 - 982 12 13 87

## A Feira da Artesanía do Ferro promociona unha tradición centenaria



Riotorto celebrou a 15ª edición da Feira da Artesanía do Ferro, coa que colabora a Deputación a través dunha achega de 4.000 euros. A festa contou ademais con talleres de ferro, demostracións de diferentes oficios, unha exposición de artesanía e produtos do campo. Tamén actuou o coro de Riotorto e a charanga NBA, celebrouse un obradoiro de ferro infantil e un espectáculo de lume e malabares.

A feira contou coa presenza da conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada polo alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, que puxo de relevo a importancia de eventos deste tipo que contribúen á dinamización das zonas rurais. Pola súa parte, a deputada de Muller e Igualdade, Marisol Morandeira, puxo en valor a artesanía da provincia de Lugo.

Tamén acudiron o vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro e o deputado de Rural, Mar e Mocidade, Daniel García, que contemplaron o espazo do ferro, con demos-

tracións en vivo e postos de venda dos ferreiros riotortenses Manuel Alonso, Agustín Iglesias, José María Cabo, Óscar Villada e Amado González, ademais de artesáns do ferro do Corgo, Compostela, Culleredo ou Navarra e Alcalá de Henares.

O eixo principal da celebración foron as demostracións en vivo, pero o programa contou cun gran número de actividades, entre as que non faltou a música e un espectáculo de lume. Destacaron as actividades para a cativada, en horario de mañá e tarde.

A tradición do ferro en Riotorto remóntase a varios séculos atrás, como reflicten os mazos, forxas ou moas que se espallan polo concello e a toponimia dalgúns núcleos poboacionais (Ferreiravella, O Mazo, Carboeiro, A Ferrería...). Distintos traballos e investigacións, desde a obra do etnógrafo Xaquín Lorenzo ás investigacións do estudoso local Miguel Abreira Pérez, téñense detido na fonda cultura do ferro que acobilla Riotorto.

## O Concello lembra a obriga de cumprir o novo Plan contra os incendios forestais

O goberno local de Riotorto lembra aos propietarios de terreos a mantelos nun estado axeitado de limpeza e coa masa vexetal rozada nunha franxa secundaria de 50 metros desde o límite do núcleo rural, urbano e tamén das vivendas que se atopan illadas e non están dentro do núcleo.

Esta norma está dentro do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais da Xunta de Galicia, que foi aprobado no recente Pleno. O Plan obriga tamén a non ter

plantados pinos e eucaliptos dentro desa franxa de 50 metros. Comezará unha campaña de vixilancia e inspección para comprobar o cumprimento desta lei que, en caso contrario, levará "o inicio de expedientes sancionadores" aos titulares das fincas.

Dito Plan está a disposición dos veciños nas dependencias municipais e poderán consultalo no prazo de 30 días a contar desde o día seguinte da publicación no BOE. Tamén está nas redes sociais do Concello.

## A Xunta confirma a construción da residencia de maiores

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, anunciou que a Xunta vai financiar a construción, mellora e ampliación de 24 centros de atención aos maiores (residencias, centros de día, vivendas comunitarias, centros sociais...) ao abeiro do Plan de investimentos para equipamentos sociais polo que o Goberno galego pon á disposición dos concellos 18,5 millóns de euros para que reforcen a rede de atención ás persoas maiores.

Do centenar de propostas presentadas polos concellos a este plan resultaron finalmente seleccionadas 24, o que, tal e como explicou Rueda, "suporá a construción de doce novas residencias; reformar ou ampliar outras seis; impulsar catro novos centros de día; poñer en marcha un novo centro social e crear un centro integral de atención aos maiores con servizos de centro de día e residencia". Ademais, con estas actuacións está previsto que "se creen 500 novas prazas públicas de atención residencial e outras 150 de atención diúrna".

Así, na provincia de Lugo construíranse dúas residencias, unha en Abadín e outra en Riotorto, nas que



investirán 1.200.000 euros en cada unha.

Unha vez escollidos os proxectos, o seguinte paso será a sinatura de convenios de colaboración plurianuais con cada concello, para desenvolver as actuacións entre este exercicio e o próximo. A previsión é que estes acordos se asinen no primeiro semestre deste ano.

Este plan de investimentos, do que o Consello coñeceu hoxe a resolución, comezou hai dous anos coa sinatura dun acordo marco coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e tras o que se abriu un prazo para que os concellos presentasen as súas propostas.

Unha comisión de traballo formada polo Consorcio Galego de Servizos

de Igualdade e Benestar e a Fegamp encargouse de avalialas e decidir as seleccionadas.

Nesta selección deuse prioridade aos proxectos dos concellos de menos de 20.000 habitantes, tendo máis puntuación aqueles con menor poboación; dos que non tiveran recursos semellantes aos que queren construír e a aqueles cunha maior viabilidade técnica e económica.

Os importes máximos que se van financiar varían en función dos proxectos. Así, no caso de iniciativas para construír novas infraestruturas as contías son de ata 1,2 millóns de euros para residencias; 600.000 euros para un centro de día ou vivenda comunitaria e 400.000 euros para centros sociais.

## Iglesias confirma que o PSOE apoiou a denuncia do concelleiro pola auga

O Concello de Riotorto vén de recibir unha notificación do TSXG na que consta que foi o PSOE o que pagou os 1.000 euros de costas xudiciais que lle foran impostas a un veciño, e nese momento concelleiro socialista, por unha sentenza do Xulgado do Contencioso de Lugo que avalaba o proceder do Concello ante unha denuncia relacionada co servizo municipal de abastecemento de auga.

O alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, considera que "se corrobora que era unha cuestión política" e que "o PSOE estaba detrás desta denuncia ao Concello por cumprir cos procedementos administrativos a través dos que se lle requiría que cumprise coa normativa igual que o resto de veciños e veciñas". Requiríuselle ata en dúas ocasións que colocase o contador no camiño público e ao lado da tubaxe xeral municipal para que registrara o consumo de auga.



O rexedor cre que "os concelleiros temos que ser os primeiros en dar exemplo" e defende que "o Concello non pode permitir tratos de favor" porque "beneficiar a uns supón discriminar aos demais". O TSXG comunica que procederá á devolución do importe ingresado polo PSOE por non ser parte do procedemento. Contra a dilixencia cabe interpoñer recurso de reposición no prazo de 5 días.

## Comeza o proxecto de facer a declaración por videochamada en Riotorto e Trabada

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, informou que os 13.750 veciños e veciñas dos concellos adheridos ao novo programa da Axencia Tributaria para realizar a declaración da renda por videochamada xa poden solicitar a súa cita. Esta iniciativa permitirá que 19 concellos lucenses de menos de 3.000 habitantes, entre os que se atopan Riotorto e Trabada, podan ofrecer a persoas de máis de 65 anos un servizo presencial nas casas consistoriais para presentar a súa declaración.

A cita para o servizo de confección de declaracións por videochamada pode solicitarse xa. As peticións de cita poderán facerse nas respectivas casas consistoriais e a través da sede electrónica da Axencia Tributaria, xunto co resto de servizos de asesoramento que ofrece. No momento en que un veciño ou veciña destes concellos solicite cita, ofreceráseles facela a través de videochamada. Coa cita xa na man, tan só terán que achegarse ao concello para ser atendidos por persoal da Axencia Tributaria.

## Invisten máis de 200.000 euros na mellora de vías do termo municipal

Finalizaron os traballos de mellora das arterias de comunicación do núcleo de Cervo co obxectivo de mellorar a accesibilidade e a seguridade viaria nesta zona tan transitada. Tal e como explicou a alcaldesa, Dolores García Caramés, a obra "afectou á avenida de Galicia e á rúa Xosé María Cao, no tramo avenida Galicia-Centro de Saúde, cuxo ámbito de actuación supera os 7000 m2 e supuxo un orzamento que supera os 200.000 euros procedentes de fondos propios do remanente de tesourería".

Deste xeito, invertíronse 212.134,78 euros na mellora do firme, na accesibilidade e tamén da rede de saneamento, en varios tramos da zona. Os traballos consistiron na renovación do firme, mellorando as condicións para a circulación rodada, na renovación da sinalización horizontal e do mobiliario urbano; e tamén se fixo unha distinción do tráfico rodado e do peonil ante o edificio municipal do GES e da Policía Local mediante a execución de beirarrúas.

Así mesmo, procedeuse á eliminación parcial da rotonda central



existente na avenida de Galicia para posibilitar o cruce dos vehículos que circulen en sentido descendente pola avenida cara a rúa do Vilar, coa correspondente renovación da rede de saneamento nesa zona. Caramés precisou que con esta actuación incidimos tamén no concepto de humanización, como vimos facendo en todas as novas actuacións que levamos a cabo; "co obxectivo de facer as nosas vilas máis accesibles e seguras para a veciñanza".

**GONDRÁS.** Acometeron xa os traballos de mellora de distintas arterias de comunicación do lugar de

Gondrás. En concreto, actuouse nun tramo de 562 metros lineais cuxa superficie total ascende a 2.541,30 m2. Os traballos supoñen unha mellora da rede viaria deste burgo e que está cofinanciada pola Xunta de Galicia, con fondos Agader dentro do Plan Marco de Melloras de Camiños Municipais de Acceso a Parcelas Agrícolas e que supuxo un investimento de 35.853,49 euros.

Caramés explicou que a obra foi concibida co obxectivo de mellorar o firme destes camiños sen variar a súa natureza, conseguindo unha boa evacuación e drenaxe das augas pluvias.

## Alfonso Villares forma parte do novo Goberno da Xunta

Alfonso Rueda tomou posesión do seu cargo como presidente da Xunta de Galicia nun acto solemne que tivo lugar en Santiago de Compostela, sede da propia institución política. Ademais da toma de posesión, Rueda nomeou ás persoas que formarán parte do seu Executivo durante os

vindeiros catro anos, cuxas personalidades son xa recoñecidas polo Goberno anterior. Entre os elixidos hai dous lugueses, Alfonso Villares, que será o conselleiro do Mar, e María José Gómez, alcaldesa de Guntín que ademais agora tamén será conselleira de Medio Rural.



## Asinan un convenio para poñer en valor a finca do Museo do Mar



O Concello de Cervo vén de asinar un convenio de colaboración coa asociación Mar de San Cibrao, para a posta en valor da finca anexa ao Museo do Mar, en San Cibrao, que é propiedade municipal.

A rexedora, Dolores García Caramés, e o concelleiro, Alfredo Fernández, mantiveron un encontro co presidente desta asociación, Moncho Rivas, durante o cal formalizaron un acordo que supón a cesión de diferentes pezas relacionadas co mundo marítimo (áncoras, hélices, *maquinillas*, haladores...) que serán expostas nesta parcela dando forma a unha mostra que baixo o título "Surcando Mares" pretende abrir unha nova ventá de San Cibrao ao mar, a través dun paseo libre por estes terreos "que pouco a pouco iremos convertendo nun museo ao aire libre para desfrute de veciños e visitantes", precisou a alcaldesa.

En concreto as pezas, foron cedidas en calidade de depósito, á

asociación Mar de San Cibrao, por Moncho Rivas e Ángel Fernández, que á súa vez fan unha cesión a Concello de Cervo destes elementos de temática mariñeira que "lle outorgan un valor engadido a esta parcela propiedade de todos os cervenses".

Durante o acto, que arrincou cun concerto da orquestra do Conservatorio de Viveiro, na Praza dos Campos, a rexedora apuntou que "é un día importante para Cervo, no que poñemos en valor esta finca municipal anexa ao museo do mar grazas a un convenio subscrito coa asociación Mar de San Ciprián, e quixo agradecer especialmente a súa xenerosidade a Moncho e Ángel, pola cesión destas pezas procedentes de diferentes pesqueiros que nos permitirán coñecer un pouquiño máis sobre o funcionamento dos barcos e abrir así unha nova ventá de San Ciprián ao mar, como homenaxe ao mundo do mar e ás súas xentes".

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com

## Unha nova aplicación web servirá para reservar o acceso á piscina municipal

O Concello de Cervo vén de dixitalizar o proceso de reservas da piscina olímpica municipal a través da páxina web institucional, no apartado de Deportes, que permite ás persoas usuarias formalizar o acceso de 10 bonos ou a entrada libre, previo pago a través desta plataforma, simplificando así todo o proceso.

Así o avanzou a rexedora, Dolores García Caramés, que recorda que neste mesmo espazo virtual tamén se pode reservar o acceso ás pistas de pádel e á pista de atletismo do complexo deportivo da Veiga, neste último caso as persoas usuarias deberán estar federadas e poderán reservar de xeito gratuito a súa franxa horaria e recoller posteriormente a chave na piscina municipal.

Segundo explicou a alcaldesa cervense “levamos tempo traballando nesta extensión da páxina web do Concello, co obxectivo de facilitar e mellorar a experiencia do usuario das nosas instalacións deportivas, facilitándolles poder xestionar de forma on line as súas reservas”.

## A localidade inaugura a mostra ‘Photo Xuntanza’ e un curso de fotografía

Cervo inaugura a mostra fotográfica *Photo Xuntanza*, unha exposición colectiva na que participan catro asociacións e o recoñecido fotógrafo Vicente Ansola.

A inauguración da selección de 70 imaxes de temática e técnica moi variadas está prevista para o domingo 19 de maio ás 18.30 horas na sala das Carboeiras, en Sargadelos.

Como actividade complementaria da man da asociación Os Negativos de Viveiro, vaise impartir un curso gratuito de fotografía o 25 de maio e o 1 de xuño, en horario de tarde. As persoas interesadas poden recibir máis información e inscribirse neste taller nos teléfonos 649 03 73 00 (Ocaña) ou 647 56 83 83 (Paco).

Na mostra colectiva participan Fotonavia, asociación creada en Navia; Os Potiños, un grupo de Carballiño; Grupo Asemeya de Xixón; a asociación Os Negativos de Viveiro e Vicente Ansola, como convidado especial, prestixioso fotógrafo cántabro posúe varios premios de carácter internacional.

## Entregado a apicultores material de trampeo contra a velutina



Os apicultores do Concello de Cervo recibiron produto atraente para elaborar trampas contra a velutina. A Administración local leva ofrecendo este líquido con carácter regular desde o ano 2017, co obxectivo de “tentar así frear a expansión desta especie invasora e minimizar a formación de niños no termo municipal”.

A reunión tivo lugar días atrás na Casa do Concello, aínda que se algún apicultor ou apicultora non tivo coñecemento da mesma por calquera circunstancia pode po-

ñerse en contacto co departamento de Medio Ambiente do Concello de Cervo para recibir este produto para a confección das trampas.

O Concello segue así traballando coordinadamente coas persoas apicultoras para afrontar esta problemática, tal e como veñen facendo desde que teñen constancia da presenza da velutina no noso municipio, “tentando minimizar o impacto desta especie invasora para protexer, na medida das nosas posibilidades, o seu traballo e o das súas abellas”, aseguran.

## O Día do Xubilado reuniu a máis de 300 persoas



Os maiores volveron ser protagonistas no tradicional Día do Xubilado de Cervo, celebrado na praza dos Campos. Na proposta, que chegou á súa XXXVIII edición e contou coa participación de toda a Corporación, déronse cita preto de 600 persoas. O programa da cita, que supón unha das máis antigas na comarca, comezou ás 12.00 horas cunha misa cantada pola Coral Terra de San Ciprián na igrexa parroquial de Lieiro, logo houbo sesión vermú amenizada por Conxuro na Praza dos Campos e xantar na carpa instalada na praza.

Cada comensal recibiu un agasallo elaborado por saúde mental A Mariña e houbo sorpresas como

un photomaton que desfrutaron os asistentes. Ese mesmo día a alcaldesa e a concelleira de Servizos Sociais entregaron os trofeos do campionato de tute e parchís, organizado na Casa do Mar de San Cibrao, no que participan unha vintena de parellas (12 xogan ao tute e 12 ao parchís). A rexedora Dolores García destacou que foi un día de emocións “na que estaban representadas todas as parroquias do municipio”, unha xornada de convivencia moi agardada na que se desfrutou moito. “Esta festa é unha homenaxe a todas esas persoas gracias ás cales hoxe podemos desfrutar dos dereitos e da calidade de vida que temos”.

## Compran novo material deportivo para as pistas de atletismo da Veiga



Novo material deportivo homologado vén de ser adquirido polo Goberno local para as pistas de atletismo da Veiga.

A rexedora, Dolores García Caramés, e o edil de Deportes, David Rodríguez, achegáronse ata as instalacións para ver in situ o novo equipamento homologado que supuxo un investimento de 15.000 euros, procedentes das arcas municipais.

En concreto —explicaron— “adquiríronse valos de diferentes características e dimensións, tacos de saída, obstáculos e un carro porta valos co fin de seguir mellorando e completando pouco a pouco a dotación desta instalación privilexiada que temos no noso municipio, para fornecela de todo o equipamento necesario para acoller diferentes competicións e probas oficiais, e para uso e desfru-

te tamén dos atletas que adestran a diario nas pistas”.

Neste senso, avanzaron que a próxima competición oficial que acollerá as pistas será o vindeiro 21 de abril, cando se celebrará en Cervo unha proba do I Circuito Galego de Marcha Atlética.

Cabe recordar, que o Concello de Cervo o Concello de Cervo vén de dixitalizar o proceso de reservas das pistas de atletismo. A través do enlace <https://reservas.concellodecervo.com/>. As persoas, que terán que estar federadas, poden reservar así de xeito gratuito o día e a franxa horaria que mellor se adapte ás súas circunstancias en función da dispoñibilidade; e recoller a chave na piscina municipal, amosando o correo de confirmación da reserva e o número de licenza federativa.

## Retoman o tradicional Encontro de Palilleiras

A vila retoma un ano máis o tradicional Encontro de Palilleiras que se celebrará 25 de maio. O evento terá lugar na carpa instalada na Praza dos Campos, tal e como informou a edil de Servizos Sociais e Educación, Pilar Armada.

Ademais da exhibición das artesás, como complemento haberá unha

feira de artesanía e postos de venda de produtos relacionados con esta arte, entre outras actividades. As persoas interesadas en participar no evento, con prazas limitadas, poden anotarse na Casa da Cultura 982 595 157. A cita mantén a súa traxectoria e chega deste xeito a súa XVII edición.

## Convocado un novo concurso de fotografía do medio ambiente

A través da delegación de Medio Ambiente, o Concello cervense convoca o XIV concurso fotográfico de medio ambiente Cervo Respecta 2024. Os participantes poderán presentar un máximo de dúas fotografías, baseadas na temática xenérica do medio ambiente, inéditas e orixinais, sacadas en calquera lugar da Comunidade Autónoma de Galicia. Terán que ser imaxes

de natureza viva, que sirvan de exemplo de conservación do noso medio.

Deberanse presentar en formato dixital (JPEG), en alta calidade, a unha resolución mínima de 2.048 px. sen limitación de tamaño en MB; a través do correo medioambiente@concellodecervo.com. O prazo para presentar as imaxes remata o 23 de maio.





## Concello de CERVO

### O Concello de Cervo homenaxea aos seu maiores na XXXVIII edición do Día do Xubilado



Na cita, que supón unha das máis antigas da comarca, xuntáronse preto de 600 persoas.

O evento comezou cunha misa cantada pola Coral Terra de San Ciprián na igrexa parroquial de Lleiro. Seguidamente realizouse a sesión vermú amenizada por Conxuro na Praza dos Campos e posteriormente tivo lugar o xantar na propia praza.

O Concello de Cervo homenaxeou a cada participante con un agasallo realizado por Saúde Mental A Mariña.

Ese mesmo día a alcaldesa e a concelleira de Servizos Sociais entregaron os trofeos do campionato de tute e parchís, organizado na Casa do Mar de San Cibrao, no que participan unha vintena de parellas.



A rexedora Dolores García destacou que foi un día de emocións "na que estaban representadas todas as parroquias do municipio", unha xornada de convivencia moi agardada na que se desfrutou moito. "Esta festa é unha homenaxe a todas esas persoas gracias ás cales hoxe podemos desfrutar dos dereitos e da calidade de vida que temos". Tamén tivo palabras de agradecemento para os traballadores do Concello pola súa dedicación, antes e tamén durante o evento, para conseguir que todo estivera a punto. Durante toda a xornada, o Concello supervisou todo o evento e contaron cunha ambulancia e efectivos do GES.



## Denuncian o abandono do xacemento da Roda



A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, Adegas, e Mariña Patrimonio denuncian a alarmante degradación do xacemento arqueolóxico da Roda, situado na parroquia de Santiago de Reinante, no concello de Barreiros. O estado de deterioración no que se atopa este sitio arqueolóxico é motivo de preocupación para ambas asociacións, que reclaman a acción inmediata das administracións responsables da conservación deste ben patrimonial, teoricamente protexido. Segundo sosteñen, o xacemento arqueolóxico está abandonado e as súas estruturas arqueolóxicas gravemente degradadas. A vexetación medra no foxo, nos muros de pedra e nos estratos arqueolóxicos. Tamén se aprecian desprendementos de pedras no xacemento e nos cortes arqueolóxicos das sondaxes. Para os colectivos, o incumprimento de custodiar e conservar o xacemento arqueolóxico da Roda é inaceptable, tendo en conta que a lexislación sobre o patrimonio cultural obriga ás persoas propietarias a velar pola súa conservación. As asociacións lembran que o xacemento da Roda foi escavado no

ano 2006 durante a construción da Autovía do Cantábrico (A8) no tramo de Barreiros – Reinante. Inicialmente catalogado en 1989, atopábase nunhas coordenadas inexactas, erro de localización que foi detectado cando comezaron os movementos de terras na contorna da Roda para as obras da autovía. Estas circunstancias obrigaron ao Ministerio a realizar sondaxes valorativas e unha escavación posterior de todo o xacemento. Os resultados revelaron que o sitio, inicialmente considerado un castro, era posiblemente un recinto prehistórico anterior á época castrexa. A relevancia arqueolóxica dos restos atopados levou á modificación do tramo da autovía para preservar a estrutura circular. Xa no ano 2013, presentaron unha primeira denuncia polo abandono e deterioración do xacemento. Malia ser un xacemento escavado, aseguran que carece dun plan de mantemento e conservación que protexa as súas estruturas arqueolóxicas dos fenómenos medioambientais nin dos factores biolóxicos. Anualmente realízase unha roza no xacemento.

## O PP, crítico coa falta de actuación local na Fraga de Santo Estevo

Tradicionalmente, o luns de Pascua celébrase en Barreiros a romaría na Fraga de Santo Estevo do Ermo, unha celebración que se trasladou ao mes de xullo e na que moitos veciños do municipio se achegan ata a zona para manter viva a celebración. Precisamente esta zona, de gran importancia para os barreirenses e á que se achegan a maior parte dos turistas que visitan o municipio este ano, deixou unha imaxe “de tristura”, segundo denuncian os populares. Segundo a formación política o Goberno local non se preocupou por realizar “un mínimo mantemento” do entorno.

O voceiro popular, José Manuel Gómez Ponte, explica que nin se rozou a maleza, nin se arranxou a escalinata que une a parte superior e inferior da Fervenza de Santo Estevo do Ermo, danada trala caída dunha árbore hai unhas semanas. “Está claro que foi un accidente, pero dábanse varios chanzos, dificultando o acceso, pero dende o goberno local non se preocuparon por arranxalo pese a que en Semana Santa chegaron moitos turistas ao municipio”, lamentou.

Ante esta situación, dende o PP de Barreiros piden ao goberno local que sinalice esta incidencia para que as persoas que se achegan ata alí non corran risco algún. Segun afirman, actualmente “nada se fixo aínda na zona” pese a que “o lóxico sería mantelo en boas condicións todo o ano, non so preocuparse cando chegan os turistas, que nin iso foron capaces de facer”. Dende o PP de Barreiros tamén se pide ao Goberno local unha campaña de concienciación para evitar danos no medio natural despois de ver como se pintaron varias sinais nas rochas do entorno da capela. “Imaxinamos que sería sinalización



para unha ruta ou un evento e que se fixo sen maldade, pero o Goberno local podería realizar unha campaña para fomentar o uso de sinalización provisional neste tipo de actos para así non danar un entorno moi fermoso”, finalizaron.

**CONCELLO.** Desde o Goberno municipal lembran que o actual Goberno municipal foi “o único que realizou obras de mantemento e adecentamento da zona do Santo Estevo” desde a súa adecuación a finais dos 90. A alcaldesa lembrou que baixo o seu mandato “adecuáronse os accesos, sobre os que se realizan traballos de mantemento.

Repuxéronse varandas e elementos de seguridade; dotouse a zona de indicacións e información sobre riscos e realizouse unha divulgación do espazo poñendo en valor o seu contido patrimonial e natural e “evitando converter un espazo de tan alto valor para toda a poboación nun mero lugar visitable exposto a un uso superior ao que debe asumir pola súa fragilidade”. Todo iso, ao igual que a mellora dos accesos foi realizado polo Goberno municipal, atendendo á sensibilidade da zona e ás necesidades existentes.

## O concello presenta alegacións municipais ao parque eólico

O concello de Barreiros presenta alegacións municipais ao parque eólico Barreiros I, no que se incumpren criterios técnicos e urbanísticos. As alegacións municipais baséanse nestes incumprimentos manifestados no informe técnico municipal, pero tamén en cuestións de calado xeral como o fraccionamento continuo de proxectos que impiden unha avaliación do impacto ambiental real e adecuada as dimensións dos proxectos no seu conxunto.

A alcaldesa, Ana Ermida, solicita a paralización da tramitación do parque eólico a espera dunha coordinación da planificación existente; xa que, asegura “a voracidade de empresas promotoras de proxectos eólicos supera a capacidade técnica e administrativa municipal e vémonos envoltos nun procedemento no que somos unha mínima parte con moi escasa capacidade de decisión.” Advirten, igualmente, da necesidade de coordinación entre as Administra-

cións e dunha planificación que reverta nos propios municipios, lonxe de proxectos puramente mercantís como os que se están a tramitar ante as administracións autonómica e estatal. Neste caso, ademais, a colocación dos muiños tal e como se contempla no proxecto exposto incumpre mesmo as distancias a núcleos de poboación e contempla actuacións, como a apertura de viarios en zona de concentración parcelaria que “implicaría a división da propiedade inicialmente concentrada para dar sostén a actividade agraria e en base á cal se teñen dimensionado as explotacións”, afectando de xeito evidente a unha actividade agraria sostén da zona na que se insiren. Outra das cuestións recollidas nas alegacións é a afectación ao Camiño de Santiago, que discorre polos núcleos afectados e que se verá claramente afectado polos impactos derivados da posible localización dos eólicos.

### EN BREVE

**VILAMARTÍN.** Vilamartín Pequeno xa dá a coñecer o programa das Festas na honra a San Xoán Degolado. Ademais de verbena e da churrascada de balde para todos, organizan a terceira edición da Festa do Requesón. O programa comeza o venres 14 de xuño coa verbena da man de Gran Parada e Cinema. O sábado haberá misa solemne, procesión e sesión vermú co grupo Lume. A partir das 15.00 horas terá lugar a terceira edición da Festa do Requesón e xantar popular no campo da festa. Xa pola noite, a partir das 21.00 horas, terá lugar unha churrascada gratuita e logo gran verbena con Lume e Nostalgias.

**RILLEIRA.** Comezan as obras para dotar de baño público a zona do almacén e a pista de ocio na Rilleira. Con esta actuación, crearase un aseo público adaptado, xunto con fosa séptica estanca para dar servizo aos espazos públicos usados pola veciñanza, ao dotarse de dobre acceso desde o exterior e desde o local existente. A obra está a realizarse pola empresa Enrique Castro Castro Building, SL e conta cun prazo de execución de dous meses.

### NOVAS MARQUESIÑAS



Colocaron novas marquesiñas en diversas parroquias, para facer máis cómodo o acceso ao transporte público. As marquesiñas son de madeira de piñeiro tratada en autoclave, nivel IV e con amplos cristais laterais de 0,80m x 0,95m. Son 4 unidades distribuídas nas parroquias de San Cosme, Benquerencia, Vilamartín Pequeno e Santiago de Reinante.

mondoñedo

# Inician os trámites para un ciclo de espeleoloxía no IES San Rosendo

O conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades en funcións, Román Rodríguez, e o presidente da Federación Galega de Espeleoloxía, Gonzalo Villarrea, reuníronse para abordar a posta en marcha dun ciclo nesta materia. Tal e como explica o representante do Goberno galego, neste momento existe o título de técnico deportivo en Espeleoloxía, sen implantación en Galicia.

O departamento educativo da Xunta de Galicia está a iniciar os trámites para intentar poñer en marcha este ciclo no curso 2024/25. Fariase na modalidade dual en colaboración coa Federación Galega de Espeleoloxía, aproveitando tanto as instalacións desta entidade, con sede en Mondoñedo, como as do Concello mindoniense.

“Estamos comezando xa a traballar nestes trámites e nos da elaboración do currículo galego des-



**PREMIO.** A casa grande de Cima de Vila, en Trasalba, acolleu a entrega dos premios Otero Pedrayo para estudantes de ESO e Bacharelato. Na categoría de ESO, resultou gañador o alumnado de 1º de ESO do IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo. Os estudantes presentaron un videoxogo realizado con scratch de don Ramón.

tas ensinanzas deportivas”, afirma Román Rodríguez. No encontro participaron tamén a directora xeral de FP, Eugenia Pérez; o director do Instituto IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo, José

Carlos García Barro; o concelleiro de Cultura, Educación e Novas Tecnoloxías de Mondoñedo, Alberto García Fernández, e a vicepresidenta da Federación Galega de Espeleoloxía, Noa Loira.

# Mondoñedo vibrou coas Quendas

Como cada primeiro de maio na localidade lucense de Mondoñedo tivo lugar a feira das Quendas. O responsable provincial Daniel García destacou o traballo das persoas e ganderías premiadas -maior número de exemplares na feira, mellores exemplares de Pura Raza Galega ou Percherón, cabalo mellor engalanado ou amazonas e xinetes máis novos e máis veteranos- e agradeceu a colaboración de todas as ganderías que participaron na feira e contribúen a prolongar esta tradición secular, que reflicte o peso da gandería, e especialmente do gando cabalar, na Mariña interior.

O apoio ás Quendas, organizadas



pola Asociación As San Lucas, encádrase na aposta da área de Rural por visibilizar a importancia da actividade agrogandeira como sector estratéxico na provincia e por pro-

mocionar as razas autóctonas e os seus produtos, ademais de valor o pouso cultural e histórico dunha feira gandeira cuxas orixes se remontan ao século XVI.

## EN BREVE

**XUNTANZA.** Mondoñedo acolle una nova edición da Xuntanza de Clásicos que chega a súa décima reunión. Esta cita será o sábado 22 de xuño na praza da Catedral aínda que a organización non deu máis información polo momento. A organización aínda non avanzou o programa pero previsiblemente comezará ás 10.00 horas coa recepción e inscrición de vehículos, entrega de tickets para a comida e sorteos de agasallos. Despois haberá uns pinchos, a ruta, o xantar e ao finalizar a entrega de premios e agasallos.

Para anotarse haberá que chamar ao 629 808 751 ou 636 496 439.

**OIRÁN.** A parroquia de Oirán celebra as súas festas na honra á Virxe dos Milagres o 24 e 25 de maio. O programa comeza o venres con misas e misa solemne, procesión e sesión vermú amenizada polo grupo Montreal a partir das 13.00 horas. A formación estará acompañada polo grupo Sandra na verbena. Continúa o sábado de novo con misa solemne, procesión e sesión vermú amenizada pola orquestra D'Noche, que

tamén actuará á noite xunto co dúo Estrellas.

**O CARMEN.** A asociación de veciños do Carmen organiza a comida popular polo San Isidro o vindeiro sábado 11 de maio. Haberá misa e sesión vermú co acordeonista Javier. A partir das 14.30 horas dará comezo o xantar cun menú a base de callos, codillo asado, tarta xeada, bebida e café. Os interesados en participar na comida, que ten un prezo de 30 euros, deberán facelo antes do 8 de maio no teléfonos 686 511 770.



**A & F BROKERS**

Abogados



**LOFT** en San Ciprián de 37m<sup>2</sup> totalmente reformado.

- Muy luminoso y completamente amueblado.
- Posibilidad de alquiler turístico o entrar a vivir.
- Piscina gratuita en la urbanización.

**45.000€**



**PISO** muy cerca de San Ciprián.

- 2 habitaciones y terraza. • Semi nuevo.
- Amueblado al detalle.

**145.000€**

**TENEMOS PISOS Y CASAS EN DISTINTAS ZONAS DE LA COSTA LUCENSE EN ALQUILER, LARGA DURACIÓN O ALQUILER CON OPCIÓN A COMPRA.**

- Compramos viviendas en toda España.
- Podemos, una vez aprobada la solicitud, ejecutar la venta en 48hs.
- Alternativa para quienes necesiten liquidez inmediata y vender rápido su vivienda.
- Prestamos a particulares.
- Cancelación de embargos-herencias.
- Gestión de comunidades de propietarios.

**En nuestro departamento jurídico ofrecemos asistencia legal integral**

HERENCIAS · TESTAMENTOS · REGISTRO DE PROPIEDADES  
ALTERACIONES CATASTRALES · CONTRATOS DE COMPRA-VENTA  
ALQUILER ARRAS · DESAHUCIOS · RECLAMACIÓN DE DEUDAS  
DIVORCIOS · PENSIONES

**Telf.: 642 192 626**  
**viviabuin@hotmail.com**

# “Queremos poñer o rural galego no sitio que se merece”

Jorge Souto é o xerente actual da empresa alfocense Hijos Ramón Rubal

Hijos de Ramón Rubal é unha empresa familiar fundada no 1936 actualmente rexentada pola cuarta xeración. “Estamos considerados como unha empresa seria que foi de menos a mais dende a súa creación”, explica Jorge Souto, responsable da empresa que ofrece unha visión de como está o sector hoxe en día.

## Como ve a saúde do sector madeireiro na provincia hoxe en día?

Considero que o sector forestal na provincia está forte, cunha maquinaria punteira con empresas consolidadas que son capaces de sacar unhas boas producións malia o minifundio. Coas infraestruturas que temos e a burocracia que hai que soportar para cortar unha leira, conseguimos unha boa produción.

## Que cambios máis destacados se perciben nos últimos tempos?

Eu destacaría que a procesadora foi unha máquina que fixo cambiar a forma de traballar o monte tanto a nivel de traballo físico como de producións. Os autocargadores forestais actuais, e tamén as taladoras, tamén inflúen á hora de facer mellor os

aproveitamentos. En xeral, o aproveitamento forestal de hoxe día non se parece en nada ao de fai aproximadamente 15 ou 20 anos.

No tema dos serradoiros, as principais melloras están na automatización das máquinas. A forma do serradoiro é a mesma, o que cambiou foi que se quitou a manipulación da madeira manualmente por equipos que o fan en automático chegando ao extremo de que ningún operario toca a madeira ata a clasificación final para servir ao cliente.

## Segue a ser Galicia un centro de produción madeireira?

Galicia é un centro de produción de madeira e ten capacidade para moitísimo máis si fósemos capaces de poñer a producir o monte abandonado, e poñeríase no mercado moitos metros cúbicos de madeira que crearían unha gran riqueza.

## Axuda ou entorpece a lexislación actual o traballo?

Non temos unha lexislación que nos impida cortar madeira, ese non é o problema. O problema está na can-

tidade de permisos que temos que solicitar para unha pequena tala, e o tempo que temos que esperar pola resposta de cada un deles... como pode ser Medio Rural, Patrimonio, Augas de Galicia, Confederación, Costas, Carreteras, Adif, concellos...

## Que necesidades ten a día de hoxe o sector?

Un dos problemas principais que temos é coas vías municipais. Tanto o sector forestal como o agrario mellorou moitísimo a maquinaria e adaptámola ao que a actual industria nos esixe, o que permite ser competitivos; e por outro lado as vías de saca están igual agora que fai vinte anos e non soportan a maquinaria actual. Estas vías de saca son as mesmas para a saca de madeira que para o servizo das vivendas. O sector forestal si que pode manter as pistas de terra en boas condicións, reparalas despois dun aproveitamento pero non podemos reparar as pistas asfaltadas que se estragan por un uso normal dos mesmos, nós non temos culpa que no seu día se asfaltaran sen ter firme algún.



## E as principais ameazas?

Outro dos problemas máis graves que ten o sector é a banda marrón que sofre o pino radiata. A industria cada día demanda máis a madeira de piñeiro radiata e a aplicación desta especie cada vez é maior. Ao paso que avanza a enfermidade, en 4 ou 5 anos non teremos un pino radiata san. A zona de Asturias xa está completamente seca e a Mariña tamén está moi afectada, por este motivo, véxoo como un problema moi grave que afectará en breve principalmente o aserriro.

## Como se garante a continuidade nun sector que ten unha materia

## prima que necesita relevo?

Para garantir que o sector siga, hai que poñer en valor o monte, que está abandonado, buscar algunha conífera que substitúa ao pino radiata, adaptar as vías á maquinaria actual, simplificar os trámites administrativos e que sexan os mesmos en todos os concellos.

Pola parte que nos toca, o sector está formado por xente nova preparada, con ilusión e ganas de seguir investindo. Queremos poñer o rural galego no sitio que se merece e facer unha industria forestal aínda máis forte do que xa é.

## a pontenova

### EN BREVE

**ITV.** A unidade móbil de inspección técnica de turismos estará dos días 7 ao 13 de maio na Pontenova, para atender a todos os veciños do termo municipal. A unidade situarase na Chousa da Veiga. A atención ao público será entre as 9.00 e as 13.30 horas e de 15.15 a 18.00, agás os días 9 e 13, que será só de mañá.

**COMERCIANTEs.** A asociación de Comerciantes da Pontenova organiza unha xornada de portas abertas sobre a facturación electrónica. Con esta proposta pretenden dar a coñecer en que consiste e como se pode instaurar nos negocios. A cita será o vindeiro 10 de maio a partir das 20.00 horas na Casa da Cultura.

**XUDÁN.** Xudán celebra a Festa das Hijas de María o sábado 11. Habrá misa solemne ás 12.30 horas, seguida de procesión e sesión vermú. Ademais haberá xantar a base de empanadillas, arroz caldoso, codillo ó forno, sobremesa, viño tinto, auga, gasosa e café. Habrá baile amenizado por Verónica Cambón.

## A Pontenova loce a escultura da troita máis grande do mundo

A Pontenova xa pode presumir de ter a escultura da troita que se posiciona como a máis grande do mundo. O grafitreiro Diego As foi o encargado de aportarlle o toque de color á peza, que se inaugurou o día 30 para abrir a Festa da Troita, organizada polo Centro de Iniciativas Turísticas da Pontenova.

Na peza do animal acuático traballaron dez estudantes de Soldadura e Caldeirería do IES do municipio. Concretamente, Blanca Antonela Encina García, Román San Julián Fernández, María Filipe Acebrás, Andrés Lorigo Louzao, Javier Paraje Lousas, Rubén Pérez Ríos, Martín García Quintana, Fernando Prieto Ferrería, Sergio Rodríguez Elvira e Fabián Soto Fernández foron os encargados de facer a peza.

Trátase dunha escultura de case 9 metros de longo, realizada a escala dunha troita de verdade. E todo parece indicar que van a poder



desfrutar dela durante moito tempo, pois aplicáronlle dúas capas de imprimación para que non se oxide e dure o máximo posible. Diante desta escultura, que se converterá nun símbolo de identidade máis do concello, colocouse un letreiro co nome do municipio, que recibiu a pescadores de toda España

para participar no X Concurso de Salmón, XVI Concurso Internacional de Mosca e no XLIV Concurso Popular.

A cita foi un éxito absoluto. “Houbo moita xente, creo que non podemos facer outra tan mediática coma esta”, conta o presidente do CIT Francisco Rois

## O PSOE reclama máis persoal médico para o centro de saúde

O PSdeG úrxelle á Xunta que dote de persoal suficiente ao centro de saúde, no que leva semanas atendendo un só médico tras a baixa doutro profesional. Denuncian os socialistas que a situación é “insostible” porque o concello conta con máis de 2.000 veciños e veciñas e as citas acumulan xa un mes de retraso.

O alcalde da Pontenova, Darío Campos, explica que levan semanas sufrindo esta situación, que “as citas xa acumulan un retraso dun mes ou máis, tamén no caso das receitas, e os pacientes crónicos non se poden estar desprazando ata o PAC de Meira cada pouco”. O Punto de Atención Continuada do municipio meirego queda a máis de 20 quilómetros e “hai moita xente maior no noso concello, e enfermos, que non teñen a posibilidade de coller o coche”.

## A Feira do Trece presenta o cartel cunha importante proba equina

Faltan pouco máis dun mes para que Alfoz celebre de novo a Feira do Trece, pero a Asociación de Veciños de San Sebastián de Carballido presenta o programa completo da cita, que será o vindeiro sábado 15 de xuño no Lugar do Trece.

Como gran novidade, nesta edición contarán cunha proba puntuable do Campionato Galego de Andadura da Federación Hípica Galega. O programa comezará ás 10.00 horas coa apertura da feira de gando e mercado con postos de artesanía e produtos da zona. A partir das 12.30 horas os asistentes poderán gozar de pasacalles que amenizarán a xornada con música tradicional. A proba de andadura puntuable para o campionato galego terá lugar de 11.00 a 13.30 e pola tarde, a partir das



16.00 horas.

Xa ás 13.30 horas comezará a sesión vermú co Dúo Belinda e Conxuro Discomóvil, que tamén amenizarán a verbena. Durante a sesión vermú farase entrega dos premios da feira e o sorteo de

agasallos e logo será o xantar con menú típico.

Trátase dunha cita máis que consolidada na zona, na que anteriores anos os asistentes puideron adquirir produtos da zona ademais de obxectos de artesanía, gozar coa sesión vermú e xantar un menú típico.

**PROBA EQUINA.** Por primeira vez, nesta edición contarán cunha proba puntuable do Campionato Galego de Andadura da Federación Hípica Galega. Ademais deste gran atractivo, haberá feira do gando, mercado con postos de artesanía e produtos da zona, xantar e premios e sorteos. As actuacións tampouco faltarán na xornada, pois haberá música tradicional, sesión vermú, un Dj e verbena.

## A Asociación O Castelo organiza un espectáculo de narración para nenos e un concurso sobre Luísa Villalta

Continúa coa oferta cultural para a cativada. Desta vez, organizan unha homenaxe á vida e obra de Luísa Villalta da man de Raquel Queizás que fará un repaso pola historia desta autora dende unha perspectiva ben divertida.

A proposta baixo o nome de *As chaves de Lu*, terá lugar o venres 10 de maio a partir das 12.00 horas no salón de actos. Trátase dun espectáculo de narración oral coa que se enxalza a esta figura que loitou pola defensa do ensino público e da educación como espazo de liberdade e corrección das desigualdades.

**CONCURSO.** Tamén pon en marcha un certame de narración e debuxo para celebrar as Letras Galegas, que este ano están adicadas á figura da escritora, filóloga e violinista Luisa Villalta Gómez.

O colectivo anima aos máis cativos da casa a crear arte na nosa lingua. Establécense catro categorías: menores de 5 anos, de 6 a 8, de 9 a 11 e de 12 e 16 anos. A rapazada poderá participar cos seus traballos ata o vindeiro 16 de maio.

## O Concello, preocupado pola acumulación de lixo

O Concello mostra a súa preocupación polo lixo que se está acumulando nas cunetas en determinadas zonas do municipio. Unha das moitas virtudes que posúe Alfoz é poder pasear en plena natureza, escoitando os sons naturais dos animais e gozando das cores que ao concello lle outorgan as estacións do ano.

Mais dende uns anos a esta parte estase a apreciar a acumulación de lixo nas cunetas de determinadas zonas, sobre todo con latas de cervexa e en-

volvórios de friame, feito que fai que o noso concello perda valor natural dando unha mala imaxe tanto para a veciñanza e para visitantes.

O Concello, apoiando unha iniciativa veciñal, pide colaboración á veciñanza e aos visitantes para manter o noso concello limpo. Tamén a participación nas campañas de recollida que en breves se programarán por varios veciños decididos a ver reducido o impacto ambiental que provoca tal feito.

## Alfoz celebra o primeiro Día da Veciñanza o 12

As asociacións veciñais xunto coa Asociación O Castelo, en colaboración co Concello e a Federación de Asociacións de Lugo, organizan a primeira edición do Día da Veciñanza.

A celebración terá lugar o vindeiro domingo 12 de maio cun menú para a comida composto por entrantes fríos e quentes, xamón cocido, churrasco de porco, sobremesa, café, licor e bebidas. O prezo será gratis para as nenas e nenos ata 3 anos, de 10 euros para nenas e nenos de 4 a 12 anos e de 25 euros de 14 anos en diante. Para

asistir será necesario ter entrada que se poderán adquirir ata o 6 de maio poñéndose en contacto cos representantes das asociacións que se recollen no cartel. A comida será no pavillón municipal ás 14 horas, contando cunha sesión vermú dende as 13 horas e con sesión de tarde a cargo do Dúo Explosión. "Organizámolo para que sexa un día para gozar da compañía dos veciños e das veciñas de todo o concello e dos que se tiveron que ir, para comer ben, falar e botar uns bailes", apuntan dende a organización.

## Sonia Expósito substitúe a Arantxa Incera dentro do Goberno local



Sonia Expósito substituirá á concelleira socialista Arantxa Incera tras a súa renuncia por motivos laborais. Incera, que ocupaba a terceira Tenencia de Alcaldía e era a responsable da Concellería de Cultura, deixa de prestar as súas funcións públicas logo de estar un tempo compaxinando a súa labor na corporación cos seus estudos. "É complicado e chega un momento que non podes estar ao 100 % no Concello, estás sacando tempo de onde non o tes, aínda roubándollo á familia para sacar adiante as cousas. Entón por responsabilidade paso o testigo", asegura.

O relevo tómao a número catro das listas socialistas alfocense, "unha rapaza moi competente, nova, que nunca tivo responsabilidades políticas pero que vai estar a altura sobrada", afirma Incera. A número dous das filas socialistas nos comicios de maio vai seguir colaborando co Goberno local e coa súa substituta. "Eu vou estar para botarlle unha man no que necesite. Xa estivemos falando e estamos pendentes de ter unha reunión e

sabe que conta comigo. Seguirei estando para a miña agrupación socialista e para o meu partido".

A renuncia oficial fíxose efectiva no pleno do día 25 de abril, cando Arantxa esperaba comunicar publicamente a súa marcha. "A miña sorpresa foi cando me dixeron que se filtrara a miña renuncia, que metera por rexistro o día 6 en comunicación á Alcaldía, ao que temos acceso todos os concelleiros e concelleiras. Alguén, que non foi nin do PSOE nin de VIA, filtrou ese documento".

Á socialista preocúpalle que "agarrar e collan documentación interna e fagan mal uso dela, non é a primeira vez que os do PP collen documentación que hai no rexistro para usos que dende logo non son lícitos e o problema non é que se faga comigo, senón que se poida facer con calquera documento que calquera persoa meta por sede electrónica no Concello de Alfoz". Para ela "unha cousa é a transparencia e outra o mal uso, e cando es concelleiro tes que ter sentido común".

### CONCURSO DE PESCA



O sábado 20 de abril celebrouse o II Concurso de Pesca organizado pola Asociación Deportiva de Pesca Amigos do Ouro ao longo do couto do río Ouro que baña os concellos de Alfoz e Valadouro. A cita contou con dúas modalidades, mosca e lance, cun total de 20 participantes. "As capturas foron abundantes e tódolos participantes lograron algunha, un deles capturou unha troita de 50 cm. Despois eran devoltas á auga", apuntou Pablo González, presidente do club.

## O PSOE pide unha solución á falta de vivenda no municipio

O PSdeG-PSOE de Xove presentou unha moción para dar solución ao problema da falta de vivenda no municipio. Segundo trasladan dende a formación política, existe unha escasa oferta tanto para comprar como para alugar no concello e a dende fai varios anos a construción de nova vivenda está totalmente paralizada. Lembran que dende finais dos anos 90 non se acometeu ningunha nova construción de vivenda de protección social. O que ten como resultado que as novas xeracións e a persoas que queiran vir a vivir en Xove teñan que abandonar o municipio, tanto por motivos económicos como pola falta de vivendas dispoñibles para alugar ou comprar.

Ademais, os socialistas tamén piden que se regule o uso das vivendas que ten en propiedade o Concello, establecendo as condicións con un regulamento axeitado e que contemple os requisitos para poder acceder a estas vivendas en condicións de igualdade. Recordan que se trata dunha cuestión fundamental, xa que de seguir así “seremos un concello despoboado en poucos anos”.



## Destinan máis de 20.000 euros á mellora de varias pistas rurais

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou investimentos que suman preto de 3 millóns de euros para a mellora da mobilidade na provincia. Entre eles, saíu adiante a solicitude do Concello de Xove para investir remanentes do Plan Único do ano 2023 en novas actuacións. En concreto, destinará 20.689,85 euros ó acondicionamento do firme de varias pistas municipais en Barxe, Aldea de Arriba e de Abaixo, San Cristovo, Xumoas e As Poceiras.

Antes de rematar, Rivera Capón, destacou que “mentres o Partido Popular só se dedica ao ruído, aos bulos e á crispación; mentres o PP non aporta nada á provincia, porque non ten nin unha soa proposta en positivo, este Goberno provincial sigue, con estabilidade, con transparencia, con seriedade e con rigor, sacando adiante proxectos realistas e útiles, que teñen un beneficio directo e claro para conxunto dos veciños e veciñas da nosa provincia”.



## Convocados 2 concursos para apoiar o uso do galego e a creatividade

A Concellería de Cultura do Concello de Xove convoca dous concursos, un literario e outro de Artes Plásticas, destinados a rapazas e rapaces do municipio, desde 4º de Infantil ata 4º da ESO. Coa proposta pretenden apoiar o uso, a lectura e a expresión en lingua galega e estimular a creatividade.

Os traballos deberán presentarse xunto á folia de inscrición na Biblioteca Municipal antes do 10

de maio. O fallo do xurado darase a coñecer oportunamente para que as persoas premiadas por cada categoría poidan acudir á entrega dos premios, os cales consistirán en Diplomas Acreditativos e Lotes de Material Escolar. Poderá participar no concurso calquera rapaz en idade escolar e empadroadado no concello. As bases e a ficha de inscrición poden consultarse na web do Concello de Xove: [www.xove.es](http://www.xove.es),

## O BNG propón a protección do espazo natural de Esteiro

No último pleno, o BNG alzou a voz en favor dunha xestión máis transparente e respectuosa tanto co patrimonio económico como ambiental do municipio. A aprobación dunha nova modificación de crédito por máis de medio millón de euros, tan só tres meses despois da aprobación dos orzamentos anuais, lévaos a cuestionar a planificación do goberno local. Os nacionalistas presentaron tamén un rogo para a reparación e adecuación do mobiliario do parque municipal.

Ademais, realizaron unha serie de preguntas ao executivo local sobre as actuacións que levaron a cabo no areal de Esteiro e da que deron aviso varios particulares. Os nacionalistas mostráronse serios ante unha práctica xa común e repetitiva que consiste en meter maquinaria pesada no areal para a súa limpeza e do que tamén, ao facer estes traballos, estase sacando area da duna na entrada principal á praia.

Neste sentido, “sabemos que estas accións son liñas de actuación ideolóxicas de cada goberno, mais tendo en conta que temos no noso

concello un sistema dunar protexido, o lóxico sería actuar segundo os procedementos que establecen as diferentes leis e apostar por protexer e consolidar un elemento vivo e cambiante como son as dunas. Só hai que mirar a outros areais do país ou se se quer mirar máis lonxe, a países veciños como Portugal ou Francia” afirmou a voceira Pilar Vázquez.

Os nacionalistas advirten de que é unha cuestión de vontade; todas as actuacións que se levan a cabo no areal saen adiante porque así o require o mantemento da bandeira azul. De feito, nesta modificación de crédito inclúese tamén unha partida -por se a subvención que solicitaron non chega a tempo- para a implantación dunha cadeira para persoas con mobilidade reducida que lles dea acceso ao areal.

Nesta liña incide a voceira que “pese a ser o areal coas condicións máis adversas, inclúena en Esteiro por ser requisito da bandeira azul e omítiena nas praias de Lago ou Portocelo que teñen unhas condicións máis óptimas tal e como llo propuxemos no pleno de agosto do ano pasado”.

## O PP afea que o Goberno local teña deficiencias nos espazos da súa titularidade



O Partido Popular de Lourenzá vén de afeaxer que o Goberno local socialista teña deficiencias nos espazos da súa titularidade. Así, segundo os populares, “no último Pleno recoñeceron as deficiencias nos espazos da súa titularidade e a tardanza na súa xestión”.

En relación ás instalacións deportivas “os socialistas poñen escusas para non aceptar facer o que piden os veciños”, din desde o PP. Por exemplo “no pavillón de Santo Tomé néganse a mellorar os sistema de acceso por que aseguran

que xa están dando todas as facilidades”.

Tamén á petición dos veciños para dotar á pista de San Adriano de redes, canastras e puntos de luz, aseguran “que xa llelo trasladaron os veciños e que estudan facer un pavillón”, din desde o PP, “estaremos vixiantes de que cumpran o que prometeren”.

Por outra banda, no ximnasio piden mellor mantemento e din que “xa o están a facer e, incluso, recoñecen que dispoñen dunha axuda da Xunta de 9.000 euros para a súa mellora”.

## lourenzá

### Canedo presenta o programa das festas



A parroquia de Canedo organiza a Festa da Nosa Señora da O o 17, 18 e 19 de maio. O programa conta cos actuacións das orquestras, Los Players, Fania Blanco Show e Acordes. O programa comeza o venres 17 cunha gran polbada e churrascada a partir das 21.00 horas. A verbena estará amenizada pola orquestra Los Players e polo grupo Origen. O programa continúa o sábado con misa solemne ás 13.00 horas, seguida de procesións e sesión vermú da man de Acordes.

A orquestra será a encargada de amenizar a noite xunto con Fania Blanco Show a partir das 23.00 horas. O núcleo despídese das festas o domingo con misa solemne ás 13.30 horas seguida de procesións e sesión vermú con Fania Blanco Show.

## O veciñanza concéntrase pola defensa da súa sanidade

A concentración convocada pola Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Mariña diante do Centro de Saúde do Valadouro en protesta pola falta de médicos foi masiva e foi un clamor en contra “do abandono ao que o PP está sometendo ao rural galego”, e de xeito especial e acentuado ao Valadouro en materias tan sensibles como é neste caso a sanidade e atención primaria”, sosteñen desde o BNG.

Así, explican que no Valadouro levan unha década “loitando por recuperar o servizo de pediatría que compartían con Alfoz que o PP eliminou”. Neste sentido, o portavoz nacionalista, Eduardo Chao, manifestou ao remate da concentración o seu agradecemento á veciñanza pola participación nesta mobilización e tamén á Plataforma polo apoio.

“Esta concentración vai marcar o inicio dunha loita na que temos que ir a por todas, porque en temas sanitarios non imos dar nin un só paso atrás. O PP machaca ao Valadouro, marxina ao Valadouro, e ante eso levaremos adiante iniciativas e accións para revertir esta situación porque a vila ten que ter dous médicos e as nosas nenas e os nosos nenos teñen que dispoñer dun servizo de pediatría nas debidas condicións, como tiveron anteriormente”, afirmou.

Anunciou tamén que nos vindeiros días levarán ao Parlamento a través do deputado Daniel Castro este problema, esixindo a cobertura inmediata das dúas prazas de médico que lle corresponden ao Valadouro. “Agardamos tamén o PP tomara nota do sentir das veciñas e veciños porque á vista de todas e todos eles quedou claro que esta sigue a ser a Galicia que non funciona”, concluíu.



### O BNG presenta iniciativas para recuperar dous médicos

Despois dos días de tensión e malestar vividos polas veciñas e veciños do Valadouro ao quedar o centro de saúde sen médicos a semana pasada, o BNG presenta unha serie de iniciativas no Parlamento para recuperar os dous médicos que lle corresponden ao municipio. Daniel Castro redactou e presentou unha proposición non de lei e varias preguntas para a súa resposta oral e escrita.

Os nacionalistas instan á Xunta de Galicia a cubrir de xeito inmediato permanente e durante toda a quenda as dúas prazas de médico no centro de saúde. Así mesmo instan ao Sergas e á Xunta a que se pronuncien sobre a situación que os concellos do Valadouro e Alfoz levan vivindo varios anos coa ausencia do servizo de pediatría, suprimido polo PP e que daba cobertura aos dous concellos, e demandan a recupera-

ción do mesmo.

“A nosa proposta é que se cubran permanentemente as dúas prazas de médico/a, que é o que lle corresponde ao Valadouro. Nos outros non pasamos por menos, polo que o Partido Popular terá que pronunciarse no Parlamento ao respecto”, explica Daniel Castro. Pola súa banda, o tenente alcalde Eduardo Chao asegura que “a veciñanza mostrou o seu cabreo, porque esta situación é inaceptable, non pode ser que nos deriven a outros centros ou ao PAC de Burela, e no Valadouro chove sobre mollado, pois levamos anos sufrindo problemas en temas de sanidade, como foi a supresión do servizo de pediatría no seu día”.

Para o BNG que é perigoso “é a política de desmantelamento da atención primaria que levan eles a cabo. Esa si que é unha politización fastidiada”.



## O campo do Árbol suma unha grada cuberta, bancos e luminarias

O vicepresidente da Deputación de Lugo e responsable de Deportes Efrén Castro e o deputado de Mocidade Daniel García visitaron o campo de fútbol do Árbol, onde a Concellería de Deportes do Valadouro realizou diferentes melloras co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Acompañados polo tenente alcalde do Valadouro, Eduardo Chao, e polo concelleiro de Deportes, Eliseo Teijeiro, comprobaron as actuacións que se desenvolveron nos últimos meses, para mellorar a comodidade e a seguridade do campo de herba artificial, empregado polos equipos das categorías de base da Asociación Deportiva Río Ouro, que concentra boa parte da actividade deportiva no concello.

A obra principal foi a instalación dunha grada cuberta nun dos laterais do campo, para albergar ás familias e persoas afeccionadas que se achegan aos partidos e os ades-

tramentos. Ademais, colocáronse dous bancos de 8 prazas e redes de protección no perímetro do recinto -a carón da LU-152-, e repuxéronse as cantoneiras de madeira que protexen o bordo das beirarrúas que rodean o campo. Tamén se renovou o alumeadado coa instalación de novos focos máis eficientes e con maior intensidade luminosa.

Eliseo Teijeiro explicou que “as melloras se foron realizando de forma progresiva, desde a instalación da grada ata a renovación do alumeadado, cun investimento total de 112.000 euros para o que contamos coa colaboración da área de Deportes da Vicepresidencia da Deputación de Lugo” e remarcou que “para nós é unha prioridade que as nenas e nenos do municipio, e a veciñanza en xeral, poidan divertirse e practicar deporte nas mellores condicións posibles, polo que seguiremos modernizando e adaptando o recinto ás súas necesidades”.

## Melloran a antiga escola do Cadramón, construída nos anos 20

Mellórase a antiga escola do Cadramón, no Valadouro coa renovación da instalación eléctrica e da iluminación do local, labores financiados pola área de Cultura do Concello do Valadouro coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro e o deputado de Rural, Mar e Mocidade Daniel García visitaron o lugar, no que se investiron 5.000 euros.

As actuacións supoñen o aumento da potencia e a instalación de focos led en diferentes estancias do edi-

ficio, que a veciñanza da parroquia emprega habitualmente para xuntanzas e outras actividades lúdicas e culturais e que, ata esta intervención, carecía da subministración eléctrica suficiente para acender aparellos eléctricos básicos para a organización de actividades.

Na visita, na que tamén participaron o presidente da CMVMC do Cadramón, o tenente alcalde do Valadouro e responsable de Cultura e Medio Rural Eduardo Chao e o concelleiro de Deportes Eliseo Teijeiro, púxose de manifesto a importancia de con-

tar con espazos de uso comunitario para a convivencia e a dinamización da vida nas aldeas e parroquias.

Ademais da súa funcionalidade, a antiga escola do Cadramón, no lugar da Fonte da Vila, é tamén testemuña da historia da parroquia e do concello. Foi construída nos anos vinte do século pasado grazas ao financiamento da emigración cubana, concretamente da sociedade El Valle de Oro de La Habana. Foi empregada como refuxio pola resistencia antifranquista, liderada na zona por Luis Trigo Chao, O Gardarríos.

### EN BREVE

**CADRAMÓN.** Un ano máis, o Cadramón prepara as súas festas na honra de Santa Filomena para o mes de xuño. A cita, que está organizada pola asociación veciñal Santa Filomena do Cadramón, será o día 15 na capela. Haberá misa, procesión, sesión vermú, xantar popular, música tradicional e verbena.

**SANTA CRUZ.** A parroquia de Santa Cruz, no Valadouro, recupera as festas grazas aos seus veciños. As celebracións terán lugar os días 10, 11 e 12 de maio na que a gastronomía e a música serán os grandes protagonistas. O programa comeza o venres como *mexillonada* e *torreznada* popular dende as 22.30 horas e por un prezo de 10 euros. A verbena

estará amenizada por dúo Eclipse e Conxuro Dj. O sábado haberá misa e procesión dende as 13.00 horas e sesión vermú e verbena da ma de Alma Latina e Conxuto DJ. O domingo de novo haberá misa, procesión e sesión e vermú cun grupo de música tradicional e o dúo Estrellas.

**PÁDEL.** O Concello do Valadouro incorpora unha nova instalación deportiva. Trátase dunha pista de pádel situada a carón do aparcadoiro do CEIP Santa María. A instalación comezará a funcionar o luns 15 de abril. Os interesados en facer uso deste espazo poden facer as súas solicitudes na Casa da Cultura. Cada usuario poderá gozar da pista dúas horas por día.

## ourol

## A Xunta denega dous parques eólicos que están entre Muras e Oourol

O Goberno galego denegou as declaracións ambientais dos parques Escoiras e Muruás, ambos os impulsados por Adianta Corporación entre os municipios lucenses de Muras e Oourol, que sumaban en conxunto uns 43 megawatts.

Ambas resolucións están asinadas pola directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, María Sagrario Pérez Castellanos, e apúntase aos “efectos adversos no medio ambiente” de levarse a cabo.

Por outra banda, a Xunta arquiva o proxecto eólico Pena da Cabra ao non superar o trámite ambiental, o cal Greenalia quería facer entre Toques e Sobrado (A Coruña). Deste xeito, cancelábase a garantía de máis 250.000 euros depositada pola empresa.

A Xunta si deu luz verde á declaración de impacto ambiental (DIA) do proxecto de parque eólico Penas Longas, situado entre os municipios coruñeses de Mañón e Ortigueira.

Esta iniciativa, impulsada por Adianta Corporación, contará con tres aerogeradores e unha potencia total de 18 megawatts.

## O Partido Popular denuncia o abandono do polígono industrial municipal

Os deputados do PP denuncian o estado de abandono no que se atopa o polígono industrial no que o Goberno provincial “nin sequera realizou o desmante das parcelas”. “Vaia forma máis curiosa teñen PSOE e BNG de apostar polo asentamento industrial na provincia”, sinalaron. Explica que no polígono hai dúas parcelas. Unha delas conta cunha nave abandonada, “seguramente froito dos nulos avances para que chegaran outras empresas a este polígono”, sinalou, ao que engade que imaxinan que “marcharían a outra localización na que houbera máis empresas para gañar en competitividade”.

A segunda das parcelas, cunha extensión de 14.330,00 m<sup>2</sup> “non está nin dividida nin con desmante feito”. Trátase dunha parcela repleta de árbores e maleza, ademais de rochas de gran tamaño. “Non está nin adaptada, o normal é que ninguén se interesase por ela”. “Ao longo da provincia temos numerosos exemplos”, lamentou.

## O Concello inaugura unha unidade para persoas con alzhéimer

O Concello de Oourol, en colaboración coa Asociación de familiares de persoas con alzhéimer e outras demencias de Viveiro, pon en funcionamento unha Unidade Terapéutica no edificio multiusos do Concello. Trátase dun servizo de estimulación terapéutica para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas. O curso comezará o martes 7 de maio en horario de 16.00 a 19.00 horas e será gratuito.

Para o seu desenvolvemento contarase con persoal especializado, unha traballadora social/educadora social e auxiliar de enfermería. Con este recurso quérese proporcionar un recurso de respiro fa-



miliar para as persoas cuidadoras, manter as capacidades físicas e mentais das persoas beneficiarias e frear na medida do posible o proceso de deterioro.

As persoas interesadas neste recurso deben poñerse en contacto co Departamento de Servizos Sociais do Concello ou nos teléfonos 982 559 109 ou no 677 489 457.

## vegadeo



## Abre o concurso do cartel do III Festival de Habaneras y Polifonía

Vegadeo prepárase para unha nova edición do Festival de Habaneras y Polifonía, que este ano chega a súa terceira convocatoria. A cita será o vindeiro 11 de agosto co obxectivo de repetir a gran acollida e o éxito rexistrado no ano anterior.

Polo momento, a Asociación Musical Entre Ríos abre o prazo do concurso para o cartel anunciador do evento. Co concurso preténdese estimular a creatividade de artistas e deseñadores, así como fomentar a difusión da imaxe do festival a nivel nacional e internacional. Poden participar autores de calquera nacionalidade ata o 11 de xuño e establécese un premio dotado con 300 euros. O tema fará referencia ao Certame musical e a súa temática deste

ano Habaneiras e Música de Ultramar”, polo que deberán figurar no traballo III Festival de Habaneras y polifonía de Vegadeo 11 de agosto de 2024. Só se admitirán a este concurso obras inéditas e que non fosen presentadas a outros concursos. O cartel premiado polo xurado será a imaxe da cita en todos os soportes. Os participantes deberán mandar o sobre por correo certificado á Asociación Musical Entre Ríos, Avenida de Asturias, 34 33770 Vegadeo. As medidas do cartel serán de 50x40 e terán que adaptarse a estas proporcións. A orientación pode ser tanto horizontal como vertical. No sobre pechado figurarán os datos do autor, nome, apelidos, dirección, número de teléfono, fotocopia do DNI.

## o vicedo



## A veciñanza sae á rúa para reclamar médicos no seu centro de saúde

As asociacións culturais, deportivas e de veciños do concello do Vicedo convocan unha nova manifestación para denunciar a falta de facultativos no centro de saúde do municipio. A concentración terá lugar este domingo 28 a partir das 11.30 horas diante da Casa Consistorial.

Con esta nova convocatoria pretenden esixir unha mellora nas condicións sanitaria, xa que “hai

anos que vén funcionando baixo mínimos”, sosteñen os veciños do Vicedo.

Din que a situación foi empeorando progresivamente. Primeiro, suprimíuse a asistencia dun dos médicos, traballando só un e o outro en esporádicas ocasións; logo só un. Por outra parte os nenos tiñan que acudir ao pediatra ao centro de Viveiro, pero neste tampouco hai facultativos.

## Recollen sinaturas para pedir a fibra óptica en San Román do Vicedo



Rubén Rábade, presidente da Asociación de Veciños de San Román do Vicedo, vén de comunicar que están a recoller sinaturas para a instalación da fibra óptica na parroquia de San Román. Así, di que “ante a pasividade do Concello e o deixamento do seu alcalde que non entendemos como en todo O Vicedo estea a instalación da fibra planificada e, na nosa parroquia, que conta cun hotel, dous restaurantes e

varios veciños teletraballando desde casa, quede nestes momentos fora do proxecto da instalación da fibra”.

Desde a Asociación de Veciños de San Román están a recoller os datos de todos os nosos veciños interesados na parroquia, 65 casas en total sen contar as casas vacacionais. Agora trasladarán esa información aos directivos da empresa comercializadora e instaladora.



# Trabada renovará a cuberta da antiga escola de Trabadela

O Concello de Trabada acadou unha nova subvención, neste caso de 19.999,99 euros, para a renovación da cuberta da antiga escola de Trabadela. O goberno local aportará outros 8.571,42 euros para levar a cabo esta actuación. A axuda foi solicitada o pasado 16 de xaneiro, cando naquel momento era alcaldesa en funcións Julia María Barcia.

“Con esta actuación seguimos mellorando as nosas antigas escolas, para así darlles diferentes utilidades e mantelas no mellor estado posible”, explica o alcalde de Trabada, Ruben García. Nesta mesma escola de Trabadela, o Concello rematou o ano pasado as obras de rehabilitación da primeira planta do inmoble. O proxecto consistiu na remodelación da vivenda para dotala de mellores condicións de habitabilidade, mediante o redimensionado da zona de día composta por salón-comedor-cociña e do baño, mentres que se mantiveron os tres dormitorios existentes. Grazas a estas reformas, melloráronse as dimensións dos distintos espazos, dotándoos de maior funcionalidade e mellores condicións de accesibilidade. Agora, grazas á nova subvención, o acondicionamento da escola continuará coa renovación da cuberta.



**VILAPENA.** Por outra banda, conseguiu unha axuda de 30.000 euros para construír unha nova área recreativa nunha parcela de propiedade municipal próxima á ruta da Fraga da Vilapena.

A parcela na que estará a área recreativa, de propiedade municipal, está situada moi preto do núcleo rural de Vilapena, na parroquia de Vilapena. Está ademais no inicio e no remate da Ruta Circular da Fraga da Vilapena.

“Con esta actuación, ampliaremos a nosa rede de áreas recreativas; ademais, a cercanía da parcela a unha das rutas de sendeirismo máis importantes do concello pon en valor a súa conversión en área de descanso

para veciños e visitantes”, engade o alcalde de Trabada.

**VIDAL.** Solicitaron tamén unha subvención ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) para a renovación da vivenda da antiga escola unitaria da parroquia de Vidal. “Queremos continuar co proceso de renovación das vivendas das antigas escolas unitarias, como xa fixemos coas de Trabadela, Vilapercide e Sante”, explica o alcalde de Trabada, Rubén García. Agardan acadar esta axuda para “poder habilitar a vivenda e destinala a uso público e social na parroquia de Vidal”, engade. As actuacións permitirían mellorar a eficiencia enerxética da vivenda.

## O Picato convoca o certame polo Día das Letras Galegas

A asociación O Picato de Trabada convoca un certame polo Día das Letras Galegas, que este ano está dedicado a Luísa Villalta, escritora, filóloga e violinista nada na Coruña. Deste xeito, trátase dun concurso participativo e non competitivo, polo que todos os que se apunten levarán un agasallo.

Está dirixido a todos os públicos, dende 0 a 99 anos. Os traballos presentados Terán como temática “As nosas letras”, representada en forma de debuxo, narración poema ou fotografía. Só se poderá presentar un traballo por persoa, que terá que ir asinado con nome, apelidos e idade ó final. Os traballos serán de extensión máxima unha cara en folla A4. Pódense presentar ata as 13.00 horas do 10 de maio en sobre pechado no Spar Express en Trabada ou na Casa do Concello. A entrega dos agasallos levarase a cabo o 17 de maio a partir das 16.00 horas no centro cultural, onde tamén se expoñerán as obras. A asistencia ao acto, no que contarán cunha actuación, é de carácter obrigatoria.

## O Concello cuantifica en 749.860 euros os danos do incendio

O Concello cuantifica en 749.860 euros os danos ocasionados polo incendio do 12 de outubro. Así o expoñen no informe de valoración que acaban de enviarlle ao Ministerio de Política Territorial do Goberno central no que se recollen os danos ocasionados en diferentes infraestruturas municipais e na rede viaria.

Recóllense, deste xeito, os desperfectos tanto en vias asfaltadas como en camiños de terra do concello, sumando un total de 26,39 quilómetros a zona afectada. O Consello de Ministros celebrado o 5 de marzo catalogou Trabada como “zona afectada gravemente” por unha emerxencia de Protección Civil debido a un incendio forestal.

“Neste informe valoramos os danos ocasionados por este feito tan catastrófico que se deu no noso concello, para así pedirle



colaboración ao Goberno de España no arranxo das vías municipais e camiños de terra danados”, explica a alcalde de Trabada, Rubén García. Tamén piden axuda “para a adquisición dunha motobomba nova e a construción dunhas balsas de auga, xa que dende a Xunta de Galicia non recibimos nin sequera resposta da carta enviada por min mesmo o pasado 9 de febreiro tralo segundo incendio case consecutivo no noso concello”, remata o alcalde.

### EN BREVE



**MAIORES.** O Centro de Maiores celebrou o seu quinto aniversario, cunha xornada festiva de xogos tradicionais e música que as persoas usuarias compartiron cos nenos e nenas do colexio de educación Infantil e Primaria. Trátase dun modelo de residencia no que se pretende que os maiores manteñan o vínculo co seu medio, cos seus familiares e amigos.



**ENFARIÑADA.** O alcalde do Concello de Trabada, Rubén García, recibiu a representantes da Asociación Saúde Mental A Mariña, que lle fixeron entrega un ano máis das cuncas que elaboran para a Festa da Enfariñada, que tivo lugar o domingo 5 de maio, con diferentes actividades e un mercado.



**ESTRADAS.** Comezan as obras de mellora do firme na estrada LU-132 ao seu paso polo municipio de Trabada. O obxectivo é rehabilitar a capa de rodaxe nunha superficie aproximada de 4.800 m<sup>2</sup> entre os quilómetros 11 e 21+660 da vía que comunica Lourenzá e Vilaferando.

## Crítica á ordenanza fiscal de extraccións de madeira do PP

O Grupo Popular defendeu a súa negativa a unha ordenanza fiscal reguladora de extraccións de madeira. “A ordenanza que tratan de sacar adiante trátase de impoñer unha taxa de 0,60 euros por tonelada, quere dicir iso que as empresas de madeira terán que depositar unha taxa antes de cortar e sacar, “esa taxa pagarana tódolos propietarios do monte sen ningunha dúbida e iso nós non o podemos apoiar. Por cada hectárea de monte aproximadamente pagarán ao Concello 180 ou 200 euros, e vai directamente encima do propietario que é o dono da madeira e non as empresas, ou sexa, un despropósito”, engaden dende o PP.

Así, desde o Partido Popular din que eles están de acordo “con que as pistas e carreiras que se danen, que se arranxen e queden como estaban conservadas, pero para iso hai que ir con outras medidas, cun consenso entre todos os partidos e empresas, e aí nos atoparán a nós sen lugar a dúbidas, porque todos queremos as nosa rede viaria en perfecto estado, pero niso nada tocan con esta ordenanza, só falan de sancións e desa taxa que é recadatoria para o Concello, que non nos enganen e nos deixen de subir e crear impostos”.

Tamén protestaron pola subida do IBI de natureza urbana, que pasa dun 0,4 a un 0,6.

## MAR

## Burela destina fondos europeos a proxectos sobre o patrimonio

Burela recibirá uns 125.000 euros de fondos europeos para dous proxectos de conservación do patrimonio pesqueiro e sensibilización ambiental. Deste xeito, o Goberno local celebra a aprobación dos dous proxectos presentados ao programa de axudas do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (Fempa).

O Fempa é xestionado a través dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP), neste caso, do GALP A Mariña-Ortegal. A alcaldesa, Carmela López, asegura se trata dunha moi boa. “Estas axudas benefician non só ao sector do mar en Burela, senón tamén á mocidade, ó tecido asociativo, ó deporte e a toda a veciñanza en xeral, que son tamén protagonistas das iniciativas que presentamos”, afirma a rexedora. O primeiro dos proxectos que se levarán a cabo é Burela alumea – O espello do Faro, creado en torno ao patrimonio material pesqueiro e a súa conservación e difusión. Este proxecto xira arredor do molde do Faro de Burela que foi empregado para a reparación deste tras os desperfectos que sufriu co temporal do ano 2014.

A reparación do molde, e a realización dunha obra artística na estrutura, farán que este “funcione como espello en terra do Faro do mar”, explica a alcaldesa.

A iniciativa está enfocada en particular a promover a participación das mozas e mozos de Burela, que exercerán como “detectives e difusores do patrimonio pesqueiro da vila a través de obradoiros de radio e fotografía”, sinala López. O segundo proxecto aprobado denomínase Ondas limpas – Programa de sensibilización e acción ambiental na contorna da Marosa e céntrase na concienciación no coidado do medio ambiente.

Consta de distintos eixos de acción: recollidas de lixo plástico nos areais, realización dunha obra artística con materiais de refugallo nun local no complexo deportivo municipal da Marosa, e realización de traballos técnicos para a erradicación da uña de gato no areal. Este proxecto, ademais, “ten como obxectivo reforzar a presenza e a práctica do surf entre a veciñanza, poñendo o foco nos deportes no mar como xeradores de actividade económica e benestar social”, destaca López.

## Expomar abordará os retos do sector pesqueiro nas xornadas

A Fundación Expomar presenta unha nova edición das súas Xornadas Técnicas e Encontro Empresarial, que se celebrarán o 8 e 9 de maio no porto de Burela para abordar os novos retos e dificultades que afronta o sector pesqueiro. O foro será como sempre aberto ao público no salón de actos da Confraría de Pescadores de Burela a partir das 16.30 horas tanto do mércores 8 como do xoves 9 de maio. Como xa é habitual nas últimas edicións, as xornadas tamén se poderán seguir en liña desde a web [www.expomar.com](http://www.expomar.com).

As Xornadas Técnicas 2024 contarán coa participación do conselleiro do Mar da Xunta de Galicia, Alfonso Villares, que inaugurará o evento acompañado pola presidenta da Fundación Expomar e alcaldesa de Burela, Carmela López.

A primeira xornada titúlase *Xestión pesqueira*, está especialmente dirixida aos profesionais do sector e contará coas intervencións de Isabel Artime, secretaria xeral de pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación MAPA; Pedro Galache, xefe de unidade de Gardacostas e Programas internacionais EFCA (Unión Europea); Julio Valeiras, técnico do Centro Oceanográfico de Vigo do Instituto Español de Oceanografía (IEO); e



Daniel Voces, director xerente de Europeche.

**SUSTENTABILIDADE E SAÚDE.** A segunda xornada celébrase baixo o título *Sustentabilidade e saúde* para tratar temas de interese xeral para todos os públicos e contará coas intervencións de Basilio Otero, presidente da Federación Nacional de Confrarías e patrón maior da Confraría de Pescadores de Burela; Rosaura Leis, catedrática de pediatría da Universidade de Santiago de Compostela e membro da Fundación Dieta Atlántica; Juan Revenga, popular dietista-nutricionista da Universidade de Navarra; e Antonio Nieto, xerente de Pesca España; Ambas xornadas estarán este ano moderadas por xornalistas que cobren a información do sector pes-

queiro, como Xusto López Carril, da Radio Galega, e Anxo Rodríguez, director do programa *Vivir Ou Mar* da Televisión de Galicia.

A clausura das xornadas será ao redor das 7 da tarde do xoves e correrá a cargo da presidenta da Fundación Expomar e alcaldesa de Burela, Carmela López.

Pola súa banda, o xoves 9 de maio pola mañá celebrarase a 25ª edición do Encontro Empresarial de Organizacións Pesqueiras, que reúne cada ano ás entidades máis representativas do sector pesqueiro a nivel nacional. A reunión dos representantes da frota terá lugar nas instalacións de Armadores de Burela e ao finalizar o evento, como cada ano, faranse públicas as conclusións tomadas durante a reunión.

## Sacan a concurso dúas naves de almacenaxe no porto de Ribadeo

A entidade pública Portos de Galicia inicia o procedemento de concurso público para o outorgamento dunha concesión para o uso de dúas naves de almacenaxe de mercadorías no porto lucense de Ribadeo. Así o recolle o Diario Oficial de Galicia. Tal como contempla a resolución, o prazo de presentación de ofertas será de 30 días naturais a partir de mañá, polo que rematará o 13 de maio ás 14 horas.

O prazo de vixencia da concesión das dúas naves para almacenaxe de mercadorías expedidas por vía marítima será de ata un máximo de 50 anos. A información detallada sobre as condicións do concurso atópase a disposición dos interesados na páxina web de Portos de Galicia e no perfil do contratante. Trátase de dúas naves empregadas situadas no peirao comercial de Mirasol con emplacements contiguos.

## O sector da pesca concentrouse en Burela



Burela acolleu unha concentración convocada pola Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños en Burela fronte á eólica mariña.

Na mobilización, na que participaron representantes das confrarías galegas e de Asturias e que tivo tamén o respaldo da veciñanza de Burela, o sector amosou a súa oposición ao Real Decreto polo

que se regula a produción de enerxía eléctrica en instalacións situadas no mar. Aprobado recentemente polo goberno do Estado. Esixen blindar os caladoiros e as zonas de actividade pesqueira das instalacións de parques eólicos, destacando que “a produción de enerxía renovable non pode comprometer o futuro dun sector e os ecosistemas mariños”.

## A Ribeira potencia a pesca deportiva nas súas xornadas



A Asociación a Ribeira de Foz volveu potenciar o deporte náutico na comarca facendo canteira entre os máis novos e traballando en desestacionalizar a actividade turística local, exportando a nivel nacional e internacional o potencial da pesca deportiva responsable na Mariña de Lugo. Deste xeito, o colectivo organizou a quinta edición das Xornadas de Pesca con Señuelos.

O programa deu comezo na Casa da Cultura coas charlas técnicas

impartidas por pescadores deportivos de gran fama. Tamén falamos da evolución e experiencia tras 15 anos da súa aparición dos “Vinilos”, reclamos de pesca que se asemellan aos peixes ou outros organismos acuáticos e están feitos dun material de goma suave e flexible que lles permite moverse de maneira natural na auga.

Déronse cita un gran número de participantes, xa que contaron con máis de 120 afeccionados anotados.

# DEPUTACIÓN

## Urxen á Xunta investimentos para a atención ás persoas maiores

O Pleno da Deputación reclámalle á Xunta de Galicia un plan de investimentos específico para a atención ás persoas maiores na provincia de Lugo que contemple a achega económica para sustentar o sistema desenvolvido pola Deputación e impulse as medidas necesarias para reformar os actuais centros que así o precisen e a construción doutros novos. A iniciativa do Goberno saíu adiante estes martes cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e en contra do PP.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, criticou que o pasado 4 de abril a Xunta de Galicia anunciou a súa intención de desenvolver un paquete de medidas dedicadas á construción de novos centros de maiores. Explicou que, segundo a Xunta, o investimento total desta iniciativa suma 18,5 millóns de euros, que se concretarían en 24 medidas a desenvolver noutros tantos concellos galegos, pero Rivera desmontou este anuncio dos populares. “A Xunta de Galicia repartiú a dedo entre concellos afíns 18,5 millóns que son do Goberno do Estado para residencias. Estes son datos obxectivos e sacados da resolución publicada pola Xunta, e non mo poden negar”, afirmou lamentado que a Xunta non explique de onde veñen os fondos. Apoiado en infografía, explicou que deses millóns, máis do 64% vai a unha soa provincia; e dos 24 concellos nos que se vai actuar, 15 están gobernados polo PP, 10 deles en Ourense.

Rivera lamentou que o PP non coñeza a Rede Provincial de Centros de



Atención a Maiores que a Deputación ten en funcionamento no rural da provincia de Lugo. “No Partido Popular teñen unha alta capacidade para difundir bulos e mentiras, pero as nosas residencias son públicas e sei que é un tema que lles doe e lles escoce, pero é así. Son públicas”. “Eu creo que é bastante obvio que queramos que a Xunta se implique no proxecto, non llas queremos entregar, pero ten que exercer as competencias da Lei de Dependencia como se refire no artigo 64. Ten que pagar o que debe”. “Se de algo estou orgulloso é do proxecto de residencias desta Deputación de Lugo”, afirmou ao final do debate da moción.

Así mesmo, tamén saíu adiante unha moción socialista para esixirle ao voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Lugo, Antonio Ameijide Osorio, que rectifique e pida desculpas aos veciños e ás veciñas da provincia e de Monforte de Lemos, así como ao Presidente da Deputación e á Corporación provincial “polas mentiras, as manipulacións e a desinformación sobre os

motivos reais do traslado do Craega de Monforte a Lugo, xerando un discurso paralelo e inventado”.

A voceira do Goberno, Pilar García Porto, apuntou que Ameijide non “dubidou en mentir, manipular e desinformar para tratar de quitar rédito político a partires dun problema que creou o propio Partido Popular en colaboración co presidente do Craega, Francisco López Valladares”. Afirmou que tanto a Deputación coma o Concello de Monforte actuaron sempre “con lealdade, transparencia e respecto á verdade. O certo é que as esixencias ao redor do uso exclusivo do Pazo de Tororon só a cortina de fume deseñada a posteriori coa que se tentou agochar e obter rédito político dunha decisión tomada de antemán, de costas ao Concello, co visto e prace do ex Conselleiro do Medio Rural e da propia voceira do Partido Popular en Monforte. Sempre con criterios partidistas a prol do PP e de costas ás necesidades reais dos produtores ecolóxicos da provincia de Lugo e de Galicia”.

## Arranca unha nova tempada das rutas gratuítas do románico

A Deputación de Lugo organiza por cuarto ano consecutivo as rutas gratuítas para conmemorar o Día da Transrománica, que se celebra o 9 de maio coincidindo co Día de Europa. O programa, que arranca a vindeira fin de semana en Antas de Ulla, ofrece un total de 17 visitas guiadas para poñer en valor o patrimonio románico da provincia que terán lugar ao longo de cinco xornadas no mes de maio.

As visitas faranse os días 4, 5, 9, 11 e 12 de maio e estarán dirixidas por un guía oficial de turismo. Cada itinerario conta cun máximo de 20 prazas, polo que no conxunto do programa ofértanse un total de 340 prazas. As rutas non inclúen servizo de transporte, polo que os participantes deberán desprazarse por conta allea ata o lugar onde se desenvolve cada un dos itinerarios. Para participar é preciso realizar previamente as inscricións a través da web <http://inscricions.deputacionlugo.org> dende este mesmo luns, 29 de abril, ata completar o aforo. As persoas interesadas tamén poderán anotarse chamando aos teléfonos 982.260.011 e 982.260.234, ou dirixirse ao correo electrónico [romanico@deputacionlugo.org](mailto:romanico@deputacionlugo.org)

A Deputación de Lugo ingresou no 2020 na Ruta da Transrománica, recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa, o que situou ao románico

lucense no nivel máis alto de recoñecemento europeo.

**PROMOCIÓN EUROPEA.** A Ruta Transrománica está recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa e trátase dunha das principais rutas culturais paneuropeas. Está integrada por rexións de 9 países da Unión Europea -Austria, Alemaña, Francia, Italia, Romanía, Portugal, Serbia, Eslovaquia e España- e aglutina un conxunto de monumentos románicos, moitos deles Patrimonio da Humanidade pola Unesco. A provincia de Lugo é o terceiro lugar de toda España que forma parte desta entidade, despois de Castela e León, co mosteiro de Santo Domingo de Silos, e a cidade de Zamora, e conta na súa ruta con 10 igrexas de arte románica situadas noutros tantos concellos da Ribeira Sacra: o mosteiro do Divino Salvador, en Ferreira de Pantón; a igrexa de San Xoán da Cova, en Carballedo; a igrexa de Santa María de Nogueira de Miño, en Chantada; a igrexa de San Pedro de Ribas Altas, en Monforte de Lemos; a igrexa de San Facundo de Ribas de Miño, en Paradelas; a igrexa de San Nicolás ou San Xoán, en Portomarín; a igrexa de Santa María de Torbeo, en Ribas de Sil; a igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño, no Saviñao; a igrexa de Santa María de Proendos, en Sober; e a igrexa de Santa María de Taboada dos Freires, en Taboada.

### VISITA AO PAZO DE SAN MARCOS



O deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández Méndez, recibiu no Pazo de San Marcos a un grupo de alumnos e alumnas de 3º da ESO do IES A Pinguela, de Monforte de Lemos; do IES La Marina de Santa Cruz de Bezana, de Cantabria; do IES Las Salinas de Arrecife, de Lanzarote; e do IES Valle del Segura de Blanca, de Murcia. Esta viaxe forma parte dun programa promovido polo Ministerio de Educación e está enmarcado nun proxecto de traballo sobre diversidade medioambiental e uso sostible da auga nas distintas provincias.

## O programa Xunt@s seguirá visitando os concellos da provincia

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, abriu en Monforte de Lemos a conferencia *Promoción da saúde e proxecto de vida* no marco do programa Xunt@s que a institución provincial está desenvolvendo nos concellos da provincia dende principios de ano.

José Tomé salientou o éxito deste programa de actividades gratuítas de lecer e formación que percorrerá ata o mes de xuño 25 concellos lucenses.

“Xa participaron 1.000 veciños e veciñas da provincia, o que nos dá boa mostra de que funciona e de que estamos dando resposta ás ne-

cesidades e intereses que ten a nosa poboación”, subliñou.

A iniciativa, explicou, busca favorecer o envellecemento activo, enriquecer a oferta de ocio e cultural dos concellos, e mellorar a calidade de vida e benestar da veciñanza, o que contribúe a fixar poboación.

“O programa Xunt@s e o traballo que fai a Real Academia de Medicina de Galicia son un bo exemplo de como cambiou a forma de concibir a atención sanitaria e o propio envellecemento. A saúde non consiste só en tratar as enfermidades, senón en actuar para previlas, en potenciar os hábitos saudables, no exercicio, na

boa nutrición ou o lecer activo”, salientou ao inicio da conferencia celebrada no Centro Cívico de Monforte. O mandatario provincial afondou en que “as mellores condicións de vida fixeron que a esperanza de vida se fose alongando. Vivimos máis tempo, e debemos procurar que sexa tempo con calidade de vida. Con este compromiso traballamos cada día dende o Concello de Monforte, e tamén dende a Deputación de Lugo, para proporcionar servizos públicos de calidade que favorecen o benestar das persoas. Como se adoitaba dicir: darlle anos á vida e vida aos anos”.

# COLABORACIÓNS

## Absentismo escolar

### O PUPITRE



Julio Díaz

**O** absentismo escolar é un problema que afecta a moitos países, incluído o noso, e refírese á falta de asistencia regular á escola por parte dos estudantes en idade escolar. Pode manifestarse como ausencias esporádicas ou máis prolongadas, e xeralmente considérase un problema cando o alumnado non asiste, de maneira recorrente, ás súas clases sen unha causa que o xustifique. Isto leva a súa falta de participación no proceso de aprendizaxe e un impacto negativo no seu desempeño académico.

O absentismo escolar pode ser causado por variedade de factores como problemas de saúde, problemas familiares, falta de interese, acoso escolar, entre outros. Cando un alumno ou alum-

na non asiste ao centro educativo perde a aprendizaxe e a interacción social que acontecen no día a día nas nosas aulas e na súa contorna, o que pode afectar á súa capacidade para ter éxito na escola e na vida.

É un problema que afecta a estudantes de todas as idades, niveis socioeconómicos e culturais. As escolas e as administracións traballan xuntas para combater o absentismo escolar proporcionando apoio e recursos aos estudantes e ás súas familias.

É moi importante que os estudantes e as súas familias entendan a importancia da asistencia regular aos centros educativos e se comuniquen co centro cando un alumno/a non asista as clases, para poder tomar medidas para abordar o absentismo escolar e traballar xuntos coa comunidade educativa e garantir así que todo o alumnado teña a oportunidade de ter éxito na súa educación e na vida.

O absentismo pode ter graves

consecuencias a curto e longo prazo, tanto para os estudantes como para a sociedade en xeral, tendo como consecuencia un baixo rendemento académico ao perderse leccións importantes e a oportunidade de practicar habilidades e conceptos clave, dificultando manterse ao día cos seus estudos e tendo un rendemento académico inferior ao dos seus compañeiros de aula. Tamén afecta ao desenrolo emocional e social, a asistencia regular é importante, xa que brinda a oportunidade de interactuar cos seus compañeiros e compañeiras e desenvolver habilidades sociais clave. O absentismo escolar pode facer que se sintan illados e limiten a súa capacidade para formar relacións saudables. Engadir tamén que o absentismo escolar pode dificultar a identificación de problemas de aprendizaxe ou necesidades especiais que o alumnado poida ter. Isto pode atrasar a intervención temperá e afectar negativamente ao

éxito escolar a longo prazo.


A prevención do absentismo escolar require un enfoque integral que aborde as posibles causas e promova a participación creativa da comunidade educativa. Tendo en conta estes aspectos é imprescindible identificar e abordar os signos de absentismo desde as primeiras etapas para previr que os problemas se agraven, por iso, unha estratexia eficaz é a intervención temperá. Traballar en colaboración coas familias para identificar e abordar os desafíos que contribúen ao absentismo é unha medida indispensable nestes casos, así como ofrecer recursos e programas de apoio familiar para fortalecer o vínculo escola-fogar. Os programas de orientación e concienciación tamén son estratexia eficaz, así como o proporcionar acceso aos servizos da saúde mental e recursos de apoio emocional, ao tempo que implementamos sistemas efectivos de seguimento da asistencia escolar.



Xa por último trasladar que se deben implementar sistemas efectivos de seguimento da asistencia escolar. Isto axuda a identificar patróns de absentismo e tomar medidas preventivas antes de que se convertan en problemas crónicos.

## Novos paradoiros

### CULTURA



Rebeca Maseda

**X**usto hoxe fai un mes que cheguei a Sevilla, novo traballo, outros/as compañeiros/as, oficina e equipo a estrear, amigos/as que te acollen cos brazos abertos que se unen a outros/as xa coñecidos/as, e sobre todo, máis aventuras por vivir e miles de lugares por descubrir. Está claro que a vida é un camiño que imos percorrendo pouco a pouco, cheo de experiencias boas e malas, pero en ningún caso algo estático. Persoalmente non me atrae a idea do “para sempre”, non me asustan os cambios e coñecer persoas, lugares e modos de facer e pensar diferentes, paréceme fundamental, ademais de ser divertido e estimulante. A curiosidade debería ser parte indispensable no motor que fai mover as nosas vidas, porque se non, que nos queda!? Pois ben, que dicir de Sevilla... Coñecida polos seus numerosos

festivais, os adornos arquitectónicos mouriscos e, por suposto, o flamenco, a capital de Andalucía é unha cidade vibrante cuxas moitas culturas reflíctense na súa cociña, edificios, arte e historia. Pero o certo é que Sevilla é moito máis que a súa Semana Santa e a Feria de abril, cando os prezos aumentan e as colas para os enclaves máis famosos como a súa Catedral e o Palacio dos Reales Alcázares se fan máis longas. A capital hispalense revélase como unha cidade para percorrer a pé, en bicicleta ou patinete eléctrico, con capas da súa herdanza cristiá, musulmá e xudía aínda visibles. Aventúrate máis alá do itinerario habitual de igrexas e palacios, e descobre máis desta historia multicultural nunha sorprendente basilica menos visitada, en exemplos de arquitectura mudéjar-mourisca-gótica, en minaretes que se converteron en campanarios ou nos restos dun cemiterio xudeu. Podes comezar no barrio de Triana, ao outro lado do río Guadalquivir, que no seu momento separaba aos aristócratas dos pobres e as clases traballadoras. Preto da

beira do río, o tradicional Mercado de Triana é un encantador espazo cuberto onde podes atopar vendedores/as de froitas, verduras, carne e peixe, cos seus postos marcados con brillantes azulexos cerámicos, así como café, pasteis elegantes ou carteis de recordo e abanicos de encaixe. Debaixo do mercado están os restos do Castelo de San Jorge, sede da infame Inquisición Española e agora fogar do Museo da Tolerancia. A exposición narra os abusos de poder por parte da monarquía católica e ofrece unha ollada conmovedora a algunhas das miles de persoas que foron encarceradas e torturadas, incluídos xudeus que se converteron ao cristianismo pero que eran sospeitosos de practicar secretamente o xudaísmo. Mentres os visitantes percorren as ruínas de casas, cortellos e celas de prisión, ínstaselles a examinar “a natureza trágica do pasado”. Despois dun bo paseo polo río, descansa eses pés cansos e eses ombreiros fatigados nos baños termais, “Aire de Sevilla”. Entrarás nun palacio de estilo mudéjar do s. XVI que se di que foi construído



sobre o sitio dunhas termas do século I. Garda as túas pertenzas nun armario e ponte o traxe de baño e o albornoz antes de descender por unha escaleira iluminada con velas ata a piscina de sal na parte máis antiga do spa. Logo vai cara a sala de vapor do hammam e a ducha de chorro frío para continuar subindo as escaleiras e así relaxarte no ambiente mourisco das augas turquesas do tepidario, baixo as lámpadas de latón. Proba a pequena bañeira de auga

quente e a piscina de inmersión en auga fría, ou visita o “Baño dos Mil Chorros”, que pode acomodar polo menos a unha ducia de persoas. Para rematar, poderás relaxarte no patio cun vaso de auga con limón ao sol. Unha auténtica maravilla que combina descanso, arte e beleza a partes iguais. Isto só son algúns consellos para desfrutar ao máximo da cidade, pero xa vos adianto que os plans son infinitos porque si, vai ser que “Sevilla tiene un color especial”...

# DEPORTES

## Burela será sede en maio do Campionato Galego de Mountain Bike

Burela acollerá, os días 25 e 26 de maio, o campionato galego de mountain bike Enduro Monte Castelo. O evento contará cunha participación estimada de 180 deportistas. O día 25 de maio, sábado, terá lugar a proba de remontes de tramo urbano de 10:00 a 13:30 e de 15:00 a 18:00, así como a proba TCO crono en tramo urbano.

O día seguinte, o domingo 26 de maio, será a quenda da carreira enduro de 5 tramos, que se desenvolverá entre as 9:00 e as 15:00. En total, o campionato constará de 28 quilómetros de probas e 1.400 metros de desnivel.

Pola súa banda, o presidente do Club Cerezo Bikes e co-organizador do evento Jaime Seijas destaca que este ano haberá “grandes novidades, como a de que o primeiro tramo cronometrado comezará o sábado 25 ás 18:00 no tramo urbano”.

“Teremos tamén un concerto de clásicos de rock co grupo Pantera Rosa, o sábado á noite na praza do Concello”, engade o co-organizador da cita. “Debido ó éxito do ano pasado, este ano agardamos tamén unha gran afluencia de público”, conclúe.

## O Pescados Rubén FS feminino xa é matematicamente campión

No pavillón municipal Vista Alegre, de Burela, disputábase un dos partidos da tempada de Primeira División Iberdrola, o partido da xornada 26, Pescados Rubén Burela FS – Arriava A.D. Alcorcón FSF, cun resultado final 3-2. Un partido con ao redor de 900 espectadores e ao que asistiu o Conselleiro do Mar, Alfonso Villares. Gran asistencia, en parte, pola volta de Peque á nosa bomboneira, aínda que esta vez como rival no seu primeiro partido de Liga non formando parte do equipo laranxa. Unha primeira parte dominada polo Alcorcón que o Burela logra remontar a partir da segunda metade do segundo tempo con moi boas intervencións de Ana Eliza, especialmente ao final do partido, un final frenético.

O Pescados Rubén Burela FS proclamase matematicamente Campión da liga Regular nesta tempada tras esta vitoria. Xogará os playoff coa vantaxe que supón o factor cancha ante dous posibles rivais, o de hoxe, o Arriava A.D. Alcorcón FSF ou ante o Poio Pescamar FS que hoxe logrou facer un punto en Navalcarnero gañando outro punto de vantaxe ante as madrileñas que preto estiveron



de puntuar na xornada de hoxe en Vista Alegre. No próximo encontro as nosas Guerreiras Laranxas viaxan a Barcelona para atoparse co AE Lles Corts-UBAE ás 16.00h no Pavillón Campus Nord UPC.

**COPA DA RAIÑA.** Tanto Castro FSF como o Pescados Rubén Burela quedaron fóra da Copa Raíña na fase de cuartos, na que ámbolos dous non conseguiron gañar.

Na fase final da Copa da Raíña, que se celebraba en Alhaurín de la Torre, os dous equipos galegos enfrontáronse ao LBTL Futsal Alcantarilla e ao Atlético Navalcarnero, respectivamente.

O Pescados Rubén Burela FS tiña como obxectivo revalidar o seu título que leva na Mariña desde o 2019, e que gañaran por primeira vez no 2013. O Castro FSF pola súa banda vivía un sono tras clasificarse para esta competición no primeiro ano na Primeira División.

Atlético Navalcarnero e Peixes Rubén Burela víanse as caras no último encontro de cuartos de final da Copa da Raíña. O Pavillón O Limón acollía un partido entre os dous equipos que ocupan os primeiros postos na Primeira Iberdrola. Atlético Navalcarnero logrou o pase ás semifinais tras impoñerse por 5 goles a 1 nun duelo vibrante.

## O Maratón Urbano de Viveiro terá catro carreiras e 300 participantes

O Maratón Autonómico Urbano 2024 de Viveiro celebrarase o día 25 de maio no municipio. O evento convocará, entre participantes e organización, a unhas 350 persoas. Este maratón está organizado por Special Olympics Galicia, promovido pola Asociación de Pais de Persoas Con Discapacidade Intelectual de Viveiro (Aspanane), e coa colaboración da federación de asociacións a favor das persoas con discapacidade intelectual FADEMG – Plena Inclusión Galicia, do Concello de Viveiro e da Deputación.

No maratón haberá catro carreiras coas distancias de 4.000 metros, 1.500 metros, 800 metros e 300 metros. Todas as persoas participantes nas probas recibirán unha medalla como recoñecemento ao seu traballo e esforzo.

O evento ten como obxectivo ser unha competición igualitaria e normalizada, na que se reivindique que as persoas con discapacidade intelectual poden practicar deporte independentemente das súas capacidades. Busca, así mesmo, sensibilizar e concienciar á sociedade sobre esta cuestión. A chegada dos participantes a Viveiro está prevista para as 10.30 do 25 de maio. Ás 10.45 terá lugar o acto de inauguración e o desfile dos e das deportistas. O maratón será de 12.00 a 14.00 horas, momento no que terá lugar a clausura do evento.

## Troitas Bravas gaña o penúltimo aberto de billarda da tempada



Por Daniel Rodríguez Saavedra

Xogouse no campo de fútbol do Pichón de Muimenta a penúltima xornada da LNB conferencia NorLeste, o X aberto A Terra non se vende. Fortes e fríos refachos de nordés xogaron coas billarda e mais cos palanadores que tiveron que arrouparse como si de inverno se tratara.

Superouse a marca de palanadores acadando un total de 92. A mellor participación da tempada loitando contra o vento que nos acompañou toda a tarde.

O equipo de Troitas Bravas da Pontenova foi o vencedor seguido de Billardeiros Musicais de Ribadeo e de Madia Leva de Lugo. O podio absoluto foi para Morás (Madia Leva), Tejero (Billardeiros Musicais) e David Navallo de Troitas Bravas. En donas Geni e Dori (Billardeiros Musicais) dominaron seguidas de Delia (Billarda Río Miño).

Os infantís Diego e Mateu (Madia Leva) non teñen rival, só Alba de Troitas Bravas puxo algo de resistencia sendo terceira.

## O baloncesto volve a Ribadeo para preparar o Campionato de Europa

Ribadeo acollerá do 9 ao 29 de xullo unha concentración da selección de baloncesto U18 feminina. No pavillón municipal España enfrontarase a Hungría, Croacia e Polonia nun Torneo Internacional preparatorio para o Campionato de Europa do 18 ao 20 de xullo. Ata o concello desprazaranse Julio Bernárdez, presidente da FEGABA; Susana Fernández, directora xeral da FEGABA; José Ignacio Hernández, director deportivo da FEB, e Nacho Jiménez, coordinador de seleccións da FEB.

Na casa consistorial mantiveron un encontro co alcalde, Dani Vega, co concelleiro e co técnico de Deportes, Francisco José Silvent e Iván López, e co presidente do CB Ría de Ribadeo, José Ramón Vázquez. Silvent comentou que “estamos encantados de volver traer baloncesto de pri-

meiro nivel a Ribadeo, un deporte que levanta paixóns nesta vila, que conta cunha longa tradición na súa práctica”.

O edil de Deportes lembrou que “o Río Breogán iniciou a súa pretempada o pasado mes de agosto en Ribadeo, e aquí disputou o Trofeo Concello de Ribadeo fronte ao FC Porto”. Francisco José Silvent sinalou que “queremos seguir acollendo a equipos de primeiro nivel e organizando eventos deportivos que acheguen os seus valores ás nenas, aos nenos e á mocidade ribadense e que atraian xente á nosa vila”.

E tivo palabras de agradecemento para a FEB e a FEGABA e para o CB Ría de Ribadeo pola súa colaboración. “Entre todos seguiremos a traballar para que outros eventos de baloncesto se poidan celebrar en Ribadeo. Contamos con instalacións e con afección”.

## Quecen motores para celebrar o día 10 o VI Rallye Mariña Lucense

A VI edición do Rallye Mariña Lucense, celebrarase este ano do 10 ao 12 de maio. A cuarta proba puntuable para o Campionato Xunta de Galicia de Rallyes está organizada pola Escudería Mix Rallye Sport. Prevese que constará coma noutras ocasións de 5 treitos diferentes, todos eles a dobre pasada, tendo un total del 106,30 km cronometrados e un total de 362,39 km. A súa base estará no Concello de Viveiro e transcorrerá tamén polos concellos de Xove, Cervo, O Vicedo, Muras e Ouro.

Contan que para esta sexta edición se repitan o gran número de pilotos, que na quinta edición foi de 86 pilotos e 36 escudaría inscritas, entre os que destacaban nomes como os de Víctor Senra ou Alberto Rey, os dous primeiros clasificados do campionato autonómico.

## EN BREVE

**CARREIRA DE CABALOS.** A asociación Cabaleiros do Landro de Viveiro organiza a V Carreira de Cabalos Cidade de Viveiro o 14 e de setembro. Tamén terá lugar a quinta edición da Ruta Cabalar o 28 de setembro. Dende o 2018, Cabaleiros do Landro leva organizando as carreiras de cabalos no municipio coas que logran dinamizar a oferta e a achegar aos interesados por esta afección a Viveiro.

**CARREIRA URBANA.** O Club Atletismo Ría de Foz abre as inscricións da Carreira Popular Urbana Campo da Cabana do 18 de maio. Trátase dun percorrido que por primeira vez conará con dúas modalidades, pois haberá un percorrido de 10 que se engade ao de 5 quilómetros. Ambas distancias serán puntuables para o circuito. Os interesados poden anotarse xa na web. Pero esta non é a única proposta do club. O programa continúa en agosto coa décimo quinta edición do Foz Run. Pola súa parte, Ría de Foz organiza o 20 de outubro a V edición do Cros Os Castros Cangas e o 22 de decembro o tradicional Run Foz Run Nadal.

**TRAVESÍA A NADO.** A Asociación Deportiva Cultural Alboi organiza a Travesía a nado ría de Viveiro o vindeiro día 18 de agosto do 2024. Esta cita deportiva será unha travesía de 2.250 metros dende Área etnográfica da Insua ata a praia de Area. Para participar será necesario a previa inscrición a partir do 1 de xuño. Para calquera dúbida ou consulta, haberá que escribir a [alboiadc@gmail.com](mailto:alboiadc@gmail.com) ou chamar ao 603 348 937.

**BIKE XTREME.** A Viveiro Bike Xtreme xa ten data de celebración. A cita organizada pola Peña Ciclista Lar de Viveiro terá lugar o vindeiro 26 de maio a partir das 9.00 horas na Praza Pastor Díaz. A competición, que será a última cita da Copa Galicia de BTT Maratón, contará con dúas modalidades; a marcha cicloturista larga 65 KM e a marcha cicloturista curta. Os interesados en participar deben facelo a través da web [www.fgalegaciclismo.es](http://www.fgalegaciclismo.es). As inscricións permanecerán abertas ata o 22 de maio.

**CARREIRA POPULAR.** O Club Atletismo Ría de Foz presenta o seu calendario de carreiras Run Foz Run. Como principal novidade, incorporan unha proba 10km, debido á demanda existente. Deste xeito, a primeira das competicións terá lugar o sábado 18 de maio coa Carreira Popular Urbana Campo da Cabana, que abriu as súas inscricións. Trátase dun percorrido con dúas modalidades, de 10 e de 5 quilómetros. O programa continúa en agosto coa décimo quinta edición do Foz Run. Pola súa parte, Ría de Foz organiza o 20 de outubro a V edición do Cros Os Castros Cangas e o 22 de decembro o tradicional Run Foz Run Nadal.

## O Spórting de Gijón elixe Ribadeo para o seu campus itinerante



Ribadeo acollerá do 24 ao 29 de xuño o Campus Mareo Itinerante do Spórting de Gijón, que foi presentado na Casa do Concello e que chega ao municipio para quedarse. O edil de Deportes, Francisco José Silvent, tivo palabras de agradecemento para o club asturiano: "Quero darlle as grazas desde o Concello ao Spórting por ensinar os valores e ese gran talento dunha das mellores canteiras de fútbol español, como di a súa historia, aos nosos xogadores, como fan cos seus".

Ribadeo entende que o deporte é "unha das claves fundamentais que ten o noso Concello e polo tanto a Concellería de Deportes é unha das máis importantes porque ten que organizar actividades de impulso do deporte, axudar ás en-

tidades deportivas, pero tamén é moi importante dende o punto de vista económico e turístico".

Deste xeito, poténciase o turismo de deportes "que trae a moita xente nova e as súas familias. Virán moitos rapaces aquí e todos quedaranse a durmir e a comer". O rexedor tamén quixo dar a benvida á iniciativa. "Acollémosvos porque nos gusta que veñades a Ribadeo e tamén sabendo que é unha estratexia económica e social que impulsa a Ribadeo".

Vega quixo dar as grazas polo traballo, "por entender que o deporte é fundamental e "por escoller a Ribadeo como epicentro do deporte e entender que somos ese punto de encontro, esa capital entre Galicia e Asturias".

## Unha nova edición da Camovi volve facer historia en Viveiro



Viveiro foi o escenario dunha nova edición da Camovi. Este ano a proba foi unha homenaxe a Ramón Blanco, un referente no mundo do alpinismo, que ascendeu a algúns dos cumios máis altos do mundo, entre eles o Monte Everest. O alpinista, nado en Xerzid (Ouro) faleceu o pasado mes de agosto e participou en varias edicións na Camovi, contribuíndo á súa sona internacional.

"Foi, unha vez máis, un gran éxito tanto de participación como de público", afirma a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro. "Milleiros de persoas puideron deste xeito desfrutar dos nosos montes e da natureza que rodea Viveiro", engade a rexedora. Loureiro agradeceu o traballo tanto da organización como dos máis de 200 voluntarios e voluntarias, que estiveron toda a fin de semana axudando para que todo saíra ben.

De novo, mantívose como unha das citas máis destacadas no calendario deportivo do concello. A Carreira por Montaña Montes de Viveiro

supón "un evento deportivo crucial para o municipio, situando a Viveiro no mapa nacional do deporte coa súa ampla traxectoria". Oihana Kortazar foi a deportista que logrou o récord feminino dos 42 quilómetros, quedándose a cinco minutos do campión absoluto da proba, Zaid Ait Malek. Tamén subiron ao podio Zaid Ait Malek e Álvaro González del Salto.

No caso das mulleres, Beatriz Álvarez logrou o segundo posto e Lydia Tejedor quedou terceira. A proba destaca "pola súa dureza pero tamén pola súa beleza, transcorrendo por paraxes únicos que os e as participantes poden deste xeito coñecer de primeira man", apunta Loureiro. O que comezou coma unha iniciativa entre amigos e agora xa é unha referencia internacional. "É marabilloso ver como a Camovi segue a medrar ano tras ano, tendo como principios fundamentais o respecto ás persoas, ao medio ambiente, a equidade, a axuda mutua e a solidariedade", si-

## EN DETALLE



**XADREZ.** Viveiro acolleu o campionato provincial de xadrez. Na cita, o Colexio Martínez Otero de Foz logrou subir ao máis alto do podio na categoría alevín. Grazas ao seu esforzo, os focenses lograron os resultados 4-0, 2-2 e 4-0. O xadrez mantén así a súa destacada proxección ao reunir aos conxuntos provinciais que amosaron na vila todo o seu potencial.



**PIRAGÜISMO.** Manuela Lastra do Club de Piragüismo Altruán volve gañar o Campionato de España de Infantil K1-3000 m. Xunto con Elena Justo, foi un fin de semana de grandes resultados no CEAR La Cartuja de Sevilla, onde as dúas rapazas revalidaron o título que ostentaban dende 2023, proclamándose de novo Campioas de España.

## Foz, Candelaria e Iberia pasan a semifinais da Copa Deputación

Tivo lugar a fase de cuartos da Copa Deputación de fútbol para as categorías Preferente e Primeira, por unha banda, e Segunda e Terceira pola outra. No primeiro grupo os dous equipos chantadinos, o SD Chantada e o Chantada Atlético, pasaron moi axustados o filtro ante dous equipos de categoría superior, o Lemos (2-1) e o Ribadeo (3-2), respectivamente. Os dous gañadores enfrontaranse entre eles na seguinte sesión.

Ademais, o Escairón venceu tamén cun 1-2 ao Santaballés e o Foz foi superior ao Milagrosa (2-0) e tamén estará nas semifinais, que terán lugar o día 26 deste mes, cando

remate a Liga.

No grupo de Segunda e Terceira caeron os dous equipos que Terceira que sobreviviran ata o de agora. O Piringalla foi derrotado polo Candelaria na quenda de penaltis, despois de acabar 1-1. O Rubián, pola súa conta, caeu ante o Friol 1-3. Ademais clasificaron dos dous equipos situados na parte alta das súas respectivas táboas de Liga, o Iberia, que superou amplamente á Comercial, por 5-1; e o Becerreá, que pasou por riba do Antas cun axustado 2-1. A seguinte sesión será Iberia-Candelaria e Becerreá-Friol. As semifinais serán a primeira fin de semana de xuño.

# “O bádrinton é dinámico e enganxa, pero tamén é esixente”

Jorge Santamariña é un dos deportistas do Cembedo, asentado en Viveiro

Por Ana Somoza

O club O Cembedo de Viveiro, o único federado de toda a provincia, leva máis dunha década apostando polo que máis lles apaixona: o bádrinton. Promocionar este deporte na zona e que o colectivo “siga medrando e se faga un oco a nivel galego e nacional”, conta Jorge, un dos membros, son as súas pretensións. De feito, estiveron na última proba a nivel nacional puntuable para o Campionato de España Sénior de primeiros de maio. Jorge Santamariña e Javi Galicia acadaron un ouro en DM C2, mentres que Marta Castro e Jorge Santamariña fixéronse cun bronce en DX C2 e Marta Castro e Dolo Sarmiento tamén acadaron a terceira posición na DF C1.

**Como comezou a vosa relación co bádrinton?**

Comezou simplemente coma un xogo ou un deporte que practicabamos un grupiño de amigos. Pero cada vez era máis complicado dispoñer de pistas axeitadas, que estaban cada vez máis solicitadas, polo que no 2013 decidimos dar un paso adiante e constituírnos como club.

**Pouco a pouco fóronse dando a coñecer no panorama galego.**

Ao mesmo tempo fomos coñecen-

do xente e creando lazos de amizade con outros clubs tanto de Galicia como de Asturias. Nun primeiro momento convidáronnos a xogar clubs como o de Cedeira, Luarca ou Riosa, que nos animaron a federarnos para poder competir de xeito oficial. Aí comezou a nosa andaina, primeiro nos torneos organizados pola Federación de Bádrinton para que os clubs compitan entre si e os xogadores vaian adquirindo ranking e logo xa dun xeito imparabile fomos ao noso primeiro campionato galego. Despois veu o Campionato de España, o Europeo e, por fin, o Campionato do mundo. A día de hoxe somos o único equipo federado da provincia de Lugo.

**Que obxectivos manteñen?**

A directiva actual está presidida por Xan Fernández, arroupado por outros membros apaixonados polo bádrinton e tamén practicantes, co único afán de promocionar o bádrinton na zona e de que o club siga medrando e se faga un oco no bádrinton galego e nacional. Queremos seguir disfrutando deste deporte que nos apaixona, pero tamén divulgalo e compartilo con todas aquelas persoas interesadas en practicalo. E tamén seguir mellorando na nosa práctica e seguir

competindo.

**En que están enfocados esta tempada?**

Como club queremos seguir mantendonos e, se é posible, medrar, incrementando o número de persoas socias e aumentando tamén o número de participantes en competición e así ir mellorando tamén o noso nivel competitivo. Pero como obxectivo principal queremos seguir xogando e divertíndonos, facendo novas amizades noutros clubs e tamén nos eventos nos que participamos.

**Por que enganxa este deporte?**

Gústanos porque é un deporte moi divertido, dinámico e que enganxa, pero tamén moi esixente fisicamente, como imos comprobando conforme imos coñecendo xogadores doutros clubs. Nun principio parecía que estabamos a anos luz deles, pero a base de traballo, práctica e por suposto de competición, xa nos imos achegando ao seu nivel.

**Require unha moi boa forma física.**

Agora que o bádrinton é máis coñecido grazas a deportistas como Carolina Marín, xa non sorprende cando falamos da súa dureza e esixencia. Non sei se a xente sabe que o volante de bádrinton ten



o récord de velocidade entre todos os deportes, tendo acadado unha velocidade de 493 Km/h. Evidentemente nós non chegamos a esas cifras, pero calquera que se achegue polas pistas poderá darse conta da intensidade dos golpes, os desprazamentos,... polo que e é evidente que se precisa unha boa condición física.

**Os máis pequenos tamén forman parte do club?**

Non temos categorías inferiores, xa que hai unha asociación deportiva local que oferta a actividade nas idades de iniciación e formación, coa que adestran e compiten. Nós temos socios de categoría absoluta, de 16 a 30 anos), e veteranos, de 30 anos en diante.

**Nestes anos foron firmando resultados que avalían o se bo nivel.**

A nivel competitivo, imos acadando metas que nun principio nos parecían inalcanzables, como as nosas primeiras vitorias a nivel nacional, acompañadas das nosas primeiras medallas e por suposto a

nosa participación no Campionato do Mundo.

**Que necesitarían para dar un paso máis?**

Ata agora recibimos a colaboración do Concello para a organización dos torneos, tanto coa cesión de instalacións como con achegas económicas, e agardamos que cara ao futuro poida seguir colaborando da mesma maneira. Pero para poder mellorar, necesitaríamos un pequeno empuxón por parte das institucións locais, por exemplo, dotando o pavillón Antonio Tarrío dun chan en condicións. Somos un dos poucos clubs galegos que compiten en superficie de cemento, e así nolo fan notar os xogadores doutros clubs cando se achegan aos torneos que organizamos. Ultimamente estes torneos xa os podemos realizar no pavillón municipal, sobre tarima, pero á hora de adestrar seguimos facéndoo no Antonio Tarrío, cos problemas que deriva a nivel físico en forma de sobrecargas e lesións.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
 Concello: 982 55 80 01  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
 Concello: 982 12 40 02  
 Garda Civil: 982 12 41 94  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
 Concello: 982 58 60 00  
 Policía Local: 982 58 62 11  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
 Concello: 982 55 77 77  
 Policía Local: 615 52 10 52  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
 Concello: 982 14 00 27  
 Policía Local: 982 13 36 40  
 Garda Civil: 982 14 04 44  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
 Concello: 982 12 10 06  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
 Concello: 982 52 40 03  
 Policía Local: 982 50 70 40  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUROL**  
 Concello: 982 55 91 09  
 Garda Civil: 982 56 10 39  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
 Concello: 982 34 22 77  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
 Concello: 982 12 86 50  
 Policía Local: 982 12 86 50  
 Garda Civil: 982 12 80 48  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
 Concello: 982 34 62 22  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
 Concello: 982 13 50 11  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
 Concello: 982 57 40 00  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
 Concello: 982 59 00 02  
 Garda Civil: 982 59 01 81  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
 Concello: 982 56 01 28  
 Policía Local: 982 56 29 22  
 Policía Nacional: 982 56 17 11  
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
 Concello: 982 59 20 01  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085  
 Urgencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
 Dirección: Diego E. García Puente  
 Teléfono: 661 464 323  
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
 Impresión: Tameiga Publicacións SL  
 Dep. Legal: LU 5-2019  
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

## DE RUTA EN RUTA

# Riotorto: Ruta das Fontes e dos Regos

Foi trazada polos veciños de Santa Comba da Órrea e permite coñecer esta parroquia situada na serra de Meira

**T**rátase dunha ruta trazada e acondicionada pola Asociación de Veciños da parroquia de Santa Comba da Órrea do concello de Riotorto. O itinerario, composto polo conxunto de fontes e regos da aldea, permite coñecer este pequeno núcleo poboacional situado na serra de Meira e gozar dunha paisaxe típica do noso rural. Ao longo do itinerario pódese apreciar a relevancia que tivo a auga na vida cotiá deste lugar, na que a veciñanza se encargou de sinalizar a viaxe e colocar indicadores para dar a coñecer o nome dos puntos da ruta.

O percorrido comeza a carón da igrexa parroquial, un sinxelo templo de orixe medieval que conserva a súa nave inicial. As reformas ao longo dos séculos déronlle a súa configuración actual na que destaca o pórtico a espadana das campás e a capela maior. Outro dos restos da construción son os capiteis do arco triunfal decorado con decoración vexetal.

A viaxe comeza na Eirexa para



seguir por un camiño asfaltado, pasando pola Roxiña, ata a Fonte do Valquente, a primeira da ruta ao tempo que distintas especies de árbores autóctonas acompañan ao camiñante. Desde este punto continuamos ata o Rego dos Corvos

Deixamos atrás a estrada, aínda que podemos aproveitar para disfrutar das vistas ao lonxe e achegámonos por un ancho sendeiro ata a aldea da Casanova. A ruta segue en ascenso ata Fonte do Rego para chegar ás Selas, onde poderemos contemplar



localidades encadradas no concello da Pontenova como Beche ou Xudán.

Se continuamos avanzando chegaremos ata o río Mourín, cruzamos a ponte do pola súa marxe esquerda mentres o verde segue a ser un gran protagonista dunha

paisaxe idílica. Chégase á Fonte da Casanova, dende onde comezará o ascenso que pasará polo Rego do Xardel e o Rego do Val e a Fonte da Órrea. Remataremos ruta circular novamente na Eirexa despois de pasar o río de Covas pola ponte da Órrea.



## DATOS



2 horas



6 quilómetros



Dificultade media

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**  
formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:  
[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)  
TEL.: 982 513 605